

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11416 *Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A persistencia dos efectos negativos sobre as empresas e o emprego da situación de emerxencia sanitaria causada pola COVID-19 exige manter as medidas excepcionais previstas no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, nos seus artigos 22 e 23, relativos ás suspensións e reducións de xornada por causa de forza maior e causas económicas, técnicas, organizativas e de produción vinculadas coa COVID-19, así como as medidas extraordinarias vinculadas a estas en materia de protección por desemprego e cotizacións.

A posible evolución da pandemia e o ritmo ao cal a actividade recupere a total normalidade, o dano que poida terse producido no tecido produtivo e o potencial de crecemento son circunstancias que se deberán ter en conta.

As medidas laborais tomadas desde o inicio desta crise, debido ás medidas de confinamento e restricións que se adoptaron para facer fronte á emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19, traducíronse nunha menor caída do emprego que a que cabía esperar ante a redución do PIB, atendendo á relación existente entre ambas as cifras en períodos precedentes de crise.

Toda a normativa adoptada por causa da COVID-19, cuxo pilar ou eixe fundamental está constituído polas medidas de flexibilidade interna, tivo e ten como obxectivo estabilizar o emprego, evitar a destrución de postos de traballo e da capacidade produtiva do tecido empresarial, e flexibilizar os mecanismos precisos, evitando cargas adicionais innecesarias. Todo iso, ademais, compasado coa capacidade de resposta necesaria ante as medidas preventivas necesarias e as decisións, especialmente en materia sanitaria, que puidesen acordar, se é o caso, as autoridades competentes.

O primeiro Acordo Social en Defensa do Emprego alcanzado entre os axentes sociais e o Goberno o día 8 de maio de 2020, que se converteu no Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego, expresaba ese obxectivo: facilitar a transición das empresas dunha situación de repregamento e hibernación a unha situación de restablecemento gradual e paulatino, diferenciado por sectores e zonas xeográficas, pero permitindo a un tempo, a través dun mecanismo de flexibilidade inédito no noso ordenamento xurídico laboral, o mantemento dunha situación con capacidade de resposta áxil e adecuada que permitise a reversión e evitase impactos desproporcionados e irreversibles na actividade económica e o emprego.

O posterior acordo, que cristalizou no Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, asumía idénticos presupostos e obxectivos.

Este real decreto lei, produto do terceiro Acordo social en defensa do emprego entre axentes sociais e Goberno (III ASDE), impulsa de novo a adopción de medidas ante a crise sanitaria, para amortecer os efectos socioeconómicos provocados pola pandemia e seguir salvagardando o emprego, e inclúe, así mesmo, os mecanismos necesarios para ofrecer unha protección que se adecúe a diferentes escenarios e contornas de crise, xa sexa pola diferente afectación do sector de actividade, polo grao de impacto que en determinadas circunstancias poden provocar as decisións adoptadas por razóns sanitarias ou polo

tránsito a causas de natureza distinta que fundamenten o mantemento das medidas de suspensión ou redución de xornada.

II

O propósito, por tanto, deste real decreto lei é defender o emprego e garantir a viabilidade futura das empresas cubrindo diferentes obxectivos.

Inicialmente, pretende prorrogar a aplicación das medidas excepcionais previstas no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, cuxa vixencia estaba previsto que terminase o 30 de setembro de 2020, así como do procedemento especial regulado no artigo 23 da dita norma, dada a persistencia dos factores que levaron á súa adopción e os efectos socioeconómicos que a emerxencia sanitaria segue causando na actividade das empresas e nos contratos de traballo.

Por outro lado, pretende prever novas medidas de suspensión e redución de xornada causadas por impedimentos ou limitacións no desenvolvemento da actividade das empresas, como consecuencia de medidas restritivas ou de contención adoptadas polas autoridades competentes.

Presenta tamén como obxectivo prorrogar todas aquelas medidas complementarias de protección do emprego que se entenden precisas para garantir a necesaria estabilidade, para evitar despedimentos e destrución de postos de traballo, previstas nos artigos 2 e 5 do Real decreto lei 9/2020, do 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral para paliar os efectos causados pola COVID-19, e na disposición adicional sexta do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, na redacción dada polo Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego.

Así mesmo, resulta necesario atender, de maneira adecuada, o diferente impacto que a crise provocada pola pandemia está causando en diferentes sectores produtivos máis directamente vinculados cos factores asociados aos riscos epidemiolóxicos da COVID-19. Inclúense neste punto as empresas pertencentes a sectores cunha elevada taxa de cobertura por expedientes de regulación temporal de emprego e cunha reducida taxa de recuperación de actividade pola súa clasificación nun código concreto da Clasificación nacional de actividades económicas, así como aquelas outras que forman parte da cadea de valor das anteriores ou que presentan unha dependencia económica acusada destas polo seu volume de operacións ou o tipo de actividade desenvolvida.

Este concepto de empresa resulta daquelas que, desde o principio da crise sanitaria ata a data, non chegaron a recuperar as persoas traballadoras reguladas en porcentaxes significativas (menos do 65 por cento de persoas traballadoras recuperadas dos expedientes de regulación de emprego) e que, ademais, pertencen a sectores específicos (máis do 15 por cento de persoas reguladas do total de afiliadas ao réxime xeral nun CNAE concreto).

III

A pandemia xerada pola COVID-19 estase prolongando moito máis e con maior intensidade do esperado, e cabe prever incluso a necesidade de suspender novamente determinadas actividades. A situación dos traballadores autónomos, á fronte de pequenas e medianas empresas, é especialmente grave, xa que viron interrompida a súa actividade, debido ás medidas de contención da pandemia decretadas polo Goberno, e quedaron suprimidos os seus ingresos, e incluso moitos daqueles que non se viron obrigados a suspender a actividade, ou a reiniciaron despois do estado de alarma, viron reducida a súa facturación pola contracción da demanda e as limitacións impostas a causa da COVID-19, sen que a súa situación hoxe en día mellorase substancialmente para unha boa parte dos traballadores autónomos.

O Goberno estableceu desde a declaración do estado de alarma mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, medidas excepcionais en materia de seguridade social en favor dos traballadores autónomos máis afectados polas consecuencias da crise da

COVID-19, pero o 30 de setembro finaliza o prazo previsto para as últimas medidas adoptadas, que son a exención na cotización regulada no artigo 8 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, así como a prestación especial por cesamento de actividade prevista no artigo 9 do mesmo real decreto lei, polo que se fai preciso adoptar novas medidas en favor dos traballadores autónomos que, a pesar de terse beneficiado das anteriores, seguen sufrindo os efectos económicos xerados pola crise da COVID-19, sen que o tempo transcorrido mellorase a súa facturación e os rendementos da súa actividade.

As novas medidas que se considerou conveniente adoptar, e que se establecen nos artigos trece e catorce, así como na disposición adicional cuarta, consisten en garantir-lles uns ingresos a aqueles traballadores que se ven afectados pola suspensión da actividade en virtude de resolución administrativa, a aqueloutros que non teñen acceso a unha prestación ordinaria de cesamento, así como aos traballadores autónomos de temporada que ven reducida a súa actividade, ao tempo que se mantén ata o 31 de xaneiro de 2021 a prestación especial por cesamento de actividade prevista no artigo 9 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, para aqueles autónomos que a percibisen durante o terceiro trimestre de 2020 e manteñan as condicións para a súa percepción no cuarto trimestre, e en facilitar o acceso á mesma prestación a aqueloutros autónomos que, tendo percibido a prestación extraordinaria por cesamento de actividade ata o 30 de xuño, non percibiron a prestación regulada no artigo 9 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, pero acreditan no cuarto trimestre as condicións exixidas polo dito artigo para obteren o dereito a ela. A prestación tamén neste caso se poderá percibir ata o 31 de xaneiro de 2021.

Considérase que as razóns aducidas xustifican sobradamente o recurso á súa aprobación mediante real decreto lei, xa que a urxente necesidade de paliar, en materia de seguridade social, as consecuencias para os traballadores autónomos da crise económica producida pola COVID-19 non admite a demora que suporía a súa tramitación mediante un proxecto de lei, polo que é conforme coas previsións do artigo 86 da Constitución.

Ademais, e coa finalidade de levar a cabo unha valoración das medidas agora adoptadas, considerouse necesario encomendar á Comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da seguridade, constituída ao abeiro da disposición adicional sexta do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, o seguimento e a avaliación das medidas que se establecen neste real decreto lei.

IV

A estrutura do presente real decreto lei responde a tres títulos, catorce artigos, oito disposicións adicionais, unha disposición transitoria única e sete disposicións derradeiras, e acompáñase dun anexo.

O III Acordo social en defensa do emprego queda recollido no título I, que se reflicte en dous capítulos e nas tres primeiras disposicións adicionais.

O capítulo I refírese aos expedientes de regulación temporal de emprego vinculados á COVID-19 e ás medidas extraordinarias.

O artigo 1 inclúe a prórroga automática de todos os expedientes de regulación temporal de emprego baseados no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, vixentes e aplicables na data de entrada en vigor deste real decreto lei.

O artigo 2 desenvolve previsións específicas respecto daquelas medidas temporais de regulación de emprego –suspensións e reducións– vinculadas, de maneira directa, con impedimentos da actividade, ou con limitacións no desenvolvemento da actividade normalizada das empresas, calquera que sexa o sector a que pertencen e causadas por novas medidas de restrición ou contención sanitaria adoptadas por autoridades españolas ou estranxeiras, no primeiro caso, ou que sexan consecuencia de decisións e medidas adoptadas por autoridades españolas, no segundo.

Inclúe este artigo 2 medidas específicas en materia de cotización consistentes en diferentes porcentaxes de exoneración nas cotas á Seguridade Social.

O artigo 3 prorroga a aplicación do artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, aos procedementos de regulación temporal de emprego baseados en causas económicas, técnicas, organizativas e de produción vinculados coa COVID-19 e iniciados tras a entrada en vigor do presente real decreto, con idéntico alcance e réxime xurídico que o previsto no artigo 2 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, coa única especialidade da prórroga dos expedientes que finalicen a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, e engade a posibilidade de prorrogar estes expedientes, sempre que exista acordo para iso no período de consultas.

O artigo 4 reitera os límites en relación coa repartición de beneficios e a exigencia de transparencia fiscal, xa recollidos no artigo 5 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, aplicándoos ás empresas incluídas no artigo 1.

Como peche e complemento das medidas extraordinarias descritas, o título I vincula os beneficios previstos en materia de cotizacións á Seguridade Social á salvagarda de emprego e establece, para as empresas beneficiadas polas medidas en materia de cotización, un novo período de compromiso de mantemento do emprego. Ademais, prorroga a vixencia dos artigos 2 e 5 do Real decreto lei 9/2020, do 27 de marzo, relativos ás medidas extraordinarias para a protección do emprego e á interrupción do cómputo da duración máxima dos contratos temporais.

O capítulo II, pola súa parte, recolle un conxunto de medidas extraordinarias para a protección por desemprego das persoas traballadoras, incluída a prestación extraordinaria por fin de campaña para persoas con contrato fixo discontinuo, persoas incluídas en expedientes de regulación de emprego que non sexan beneficiarias de prestacións por desemprego, compatibilidade das prestacións e compensación económica en determinados supostos de traballo a tempo parcial.

Dentro do III ASDE intégranse, así mesmo, as disposicións adicionais primeira, segunda e terceira, e a disposición transitoria única.

A disposición adicional primeira establece un réxime específico en materia de beneficios nas cotizacións á Seguridade Social para aquelas empresas pertencentes a sectores cunha elevada taxa de cobertura por expedientes de regulación temporal de emprego e unha reducida taxa de recuperación de actividade.

Ademais, establécese a posibilidade de que determinadas empresas dependentes indirectamente ou integrantes da cadea de valor das anteriores poidan acreditar ante a autoridade laboral a dita condición e acceder aos mesmos beneficios en materia de cotizacións.

A disposición adicional segunda prevé a Comisión de seguimento tripartita laboral, integrada polo Ministerio de Traballo e Economía Social, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e pola Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE), a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa (Cepeme), Comisións Obreiras (CC.OO.) e a Unión Xeral de Traballadores (UGT), e que terá como funcións, entre outras, a valoración das medidas recollidas no presente real decreto lei, así como a análise das eventuais medidas futuras para a protección do emprego e do tecido produtivo.

A disposición adicional terceira establece, pola súa parte, que as persoas traballadoras que se encontren en situación de suspensión de contrato ou de redución de xornada, como consecuencia dun expediente de regulación temporal de emprego dos referidos nesta norma, terán a consideración de colectivo prioritario para o acceso ás iniciativas de formación do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

A disposición transitoria única prorroga expresamente a vixencia daqueles expedientes autorizados de conformidade coa disposición adicional 1.^a 2 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño.

O título II dedícase ás medidas de apoio aos traballadores autónomos. O artigo 13 regula unha nova prestación extraordinaria por cesamento de actividade de forma similar á introducida polo artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, para a súa aplicación durante o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, en favor daqueles autónomos que se vexan obrigados a suspender totalmente as

súas actividades en virtude da resolución que se poida adoptar ao respecto, prestación que se mantería desde o día seguinte ao de adopción da medida de peche da actividade ata o último día do mes seguinte en que se acorde o levantamento desta, e introduce a posibilidade de acceder a esta prestación a aqueles traballadores autónomos que, non sendo afectados polo peche da súa actividade, ven reducidos os seus ingresos e non teñen acceso á prestación de cesamento de actividade regulada no do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.

O artigo 14 establece unha prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores de temporada que desenvolvan a súa actividade entre os meses de xuño a decembro de 2020, seguindo a liña marcada no artigo 10 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial.

A disposición adicional cuarta regula unha prórroga das prestacións xa causadas ao abeiro do artigo 9 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, e estende o dereito a esta prestación, ata o 31 de xaneiro, a aqueles traballadores autónomos nos cales concorran os requisitos para o seu acceso no cuarto trimestre do ano en curso.

A disposición adicional quinta encoméndalle á Comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da seguridade social, constituída ao abeiro da disposición adicional sexta do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, o seguimento e a avaliación das medidas que se establecen neste real decreto lei.

As disposicións adicionais sexta e sétima refírense ao dereito á percepción do bono social por parte de determinados colectivos en situación de vulnerabilidade económica e ás consecuencias da aplicación indebida deste dereito. Configúrase unha nova categorización de consumidor vulnerable, para os efectos da percepción do bono social de electricidade e da protección especial fronte á interrupción da subministración, para aquelas unidades familiares nas cales algún dos seus membros se encontre en situación de desemprego, expediente temporal de regulación de emprego (ERTE), ou vise reducida a súa xornada por motivo de coidados, en caso de ser empresario, ou outras circunstancias similares que supoñan unha perda substancial de ingresos, de maneira que os ingresos totais se encontren por debaixo duns determinados limiares. A percepción do bono social baixo esta nova modalidade terá unha duración limitada, ata o 30 de xuño de 2021, e poderá solicitarse a partir de entón o bono social baixo o resto de supostos regulados no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro.

A disposición adicional oitava establece unha bonificación do pagamento dos dereitos arancelarios notariais e rexistrais derivados da formalización e inscrición da novación do préstamo, *leasing* e *renting*, que inclúa a moratoria sinalada nos artigos 18 ao 23 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo de 2020. Esta moratoria supón unha continuación doutras anteriores establecidas desde o inicio do estado de alarma para aliviar a situación de liquidez das empresas e autónomos afectados pola crise da COVID-19.

Por outra parte, a disposición derradeira primeira modifica a disposición adicional quinta da Lei de axuízamento criminal, aprobada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882, coa finalidade de que as resolucións xudiciais firmes pola comisión dun delito doloso de homicidio en calquera das súas formas, en que a vítima fose ascendente, descendente, irmán, cónxuxe ou excónxuxe do investigado, ou estea ou estivese ligada a el por unha relación de afectividade análoga á conxugal, teñan o seu reflexo á hora de recoñecer a prestación de ingreso mínimo vital.

Así mesmo, a disposición derradeira segunda prevé a modificación do número 30 do artigo 45.I.B) do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, e declara exentas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos

documentados as escrituras de formalización das moratorias de préstamos e créditos hipotecarios e de arrendamentos, préstamos, *leasing* e *renting* sen garantía hipotecaria que se produzan en aplicación da moratoria hipotecaria para o sector turístico, e da moratoria para o sector do transporte público de mercadorías e discrecional de viaxeiros en autobús.

A disposición derradeira terceira introduce modificacións na regulación das prestacións familiares da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, prevista no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.

A disposición derradeira cuarta modifica o Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, co fin de ampliar ata o 31 de xaneiro de 2021 o prazo máximo de suspensión do procedemento de desafuzamento e dos lanzamentos para fogares vulnerables sen alternativa habitacional; ademais, esténdese ata o 31 de xaneiro de 2021 a posibilidade de solicitar a moratoria ou condonación parcial da renda, cando o arrendador sexa un gran tedor ou entidade pública, nos termos establecidos no dito real decreto lei, e amplíanse ata esa mesma data do 31 de xaneiro de 2021 os contratos de arrendamento de vivenda que poden acollerse á prórroga extraordinaria de seis meses, nos mesmos termos e condicións do contrato en vigor, sempre que o propietario, persoa física, non comunicase a necesidade da vivenda para si, en cumprimento dos prazos e condicións establecidos no artigo 9.3 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

Por outra parte, a disposición derradeira quinta prevé unha modificación do ingreso mínimo vital. En concreto, a través deste real decreto lei complétase a reforma iniciada co Real decreto lei 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia, publicado o pasado 23 de setembro, que se presenta como imprescindible na posta en marcha dos procedementos de recoñecemento da prestación non contributiva de ingreso mínimo vital, regulada no Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital, e garántese con esta reforma que quedan corrixidos aqueles puntos escuros da norma que provocaban inseguridade xurídica e aqueloutros que obrigaban a desestimar o recoñecemento das prestacións, e causaban a desprotección daqueles que son acredores dela.

Asemade, complétase a mellora na redacción do texto, que permite unha mellor comprensión da poboación, o que repercute positivamente en axilizar o acceso a ela, facilitando a tramitación da prestación.

Por outro lado, e a través da modificación da disposición transitoria terceira, corríxese a necesidade de lles outorgar a prestación a aqueles que, como consecuencia da crise sanitaria provocada pola COVID-19, ven ou van ver afectados os seus ingresos de forma inmediata no ano actual, o que obriga o Goberno a facer fronte, non só durante o ano 2020 senón tamén durante o ano 2021, a unha realidade que se nos impón como necesaria, anticipándonos así á protección daqueles que, ben que antes da crise sanitaria non estaban en situación de vulnerabilidade, tras esta se viron abocados a unhas condicións que nin eles mesmos podían prever.

Por iso, considérase imprescindible introducir o conxunto de modificacións da regulación do ingreso mínimo vital que esta norma contén, co fin de reforzar a axilidade do procedemento a través do cal se recoñece esta prestación, reforzar a seguridade xurídica e completar as disfuncionalidades detectadas nos meses de vixencia, logrando así que as persoas e unidades de convivencia en situación de vulnerabilidade económica poidan acceder á prestación canto antes. Á vista diso, pode considerarse concorrente o presuposto de extraordinaria e urxente necesidade que o artigo 86 da Constitución exige para a aprobación dun decreto lei.

Para completar as necesidades postas en evidencia durante o tempo de vixencia da prestación de ingreso mínimo vital e garantir unha maior protección, lévase a cabo a modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, dando nova redacción a determinados artigos

destinados a regular as prestacións familiares da Seguridade Social, para corrixir desta maneira os inconvenientes ocasionados coa reforma levada a cabo co Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio.

Por último, as disposicións derradeiras sexta e sétima recollen o título competencial e a entrada en vigor do real decreto lei, respectivamente.

V

Respecto do suposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade establecido no artigo 86.1 CE, o contido do real decreto lei fundaméntase en motivos obxectivos, de oportunidade política e extraordinaria urxencia que requiren a súa aprobación inmediata, entre outros, a situación grave e excepcional que persiste como consecuencia da situación de crise sanitaria provocada pola COVID-19, o que fai indispensable dar unha resposta adecuada ás necesidades que se presentan no ámbito laboral.

O artigo 86 da Constitución permítelle ao Goberno ditar reais decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

O real decreto lei constitúe, desta forma, un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4; 137/2003, do 3 de xullo, F. 3, e 189/2005, do 7 xullo, F. 3; 68/2007, F. 10, e 137/2011, F. 7), o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que, por razóns difíciles de prever, require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

En definitiva, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar o presente real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que lle corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3), e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, recurso de inconstitucionalidade núm. 2208-2019), centradas en dar unha resposta adecuada que permita restablecer o funcionamento normal da actividade económica e produtiva das empresas, a necesaria seguridade xurídica e a protección dos colectivos que puidesen resultar vulnerables ante a concorrencia da situación descrita e que se definen pola súa condición extraordinaria e urxente.

Todas as razóns expostas xustifican, ampla e razoadamente, a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3), e existe a necesaria conexión entre a situación de urxencia exposta e a medida concreta adoptada para socorrela, sen que constitúa un suposto de uso abusivo ou arbitrario do referido instrumento constitucional.

En suma, nas medidas que se adoptan no presente real decreto lei concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade previstas no artigo 86 da Constitución e considérase, por outra parte, que os obxectivos que se pretenden alcanzar con este non poden conseguirse a través da tramitación dunha lei polo procedemento de urxencia.

Así mesmo, debe sinalarse que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, os deberes e as liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución española, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 7.^a, 8.^a, 13.^a, 17.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado as competencias exclusivas nas materias de lexislación laboral, de lexislación civil e sobre ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, de bases e coordinación da planificación xeral da actividade

económica, de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, así como de bases do réxime enerxético.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Traballo e Economía Social e do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 29 de setembro de 2020,

DISPOÑO:

TÍTULO I

III Acordo social en defensa do emprego

CAPÍTULO I

Dos expedientes de regulación temporal de emprego vinculados á COVID-19 e as súas medidas extraordinarias

Artigo 1. *Prórroga dos expedientes de regulación temporal de emprego baseados nas causas recollidas no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.*

Os expedientes de regulación temporal de emprego vixentes, baseados no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, prorrogaranse automaticamente ata o 31 de xaneiro de 2021.

Artigo 2. *Expedientes de regulación temporal de emprego por impedimento ou limitacións de actividade.*

1. As empresas e as entidades de calquera sector ou actividade que vexan impedido o desenvolvemento da súa actividade nalgún dos seus centros de traballo, como consecuencia de novas restricións ou medidas de contención sanitaria adoptadas, a partir do 1 de outubro de 2020, por autoridades españolas ou estranxeiras, poderán beneficiarse, respecto das persoas traballadoras que teñan as súas actividades suspendidas, nos centros afectados, polos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión, das porcentaxes de exoneración previstas a continuación, logo de autorización dun expediente de regulación temporal de emprego, con base no previsto no artigo 47.3 do Estatuto dos traballadores, cuxa duración quedará restrinxida á das novas medidas de impedimento referidas:

a) O 100 % da achega empresarial devindicada durante o período de peche, e ata o 31 de xaneiro de 2021, cando a empresa tivese menos de cincuenta persoas traballadoras ou asimiladas a estas en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020.

b) Se nesa data a empresa tivese cincuenta ou máis persoas traballadoras ou asimiladas a estas en situación de alta, a exención alcanzará o 90 % da achega empresarial, durante o período de peche e ata o 31 de xaneiro de 2021.

Neste caso, a exoneración aplicarase ao aboamento da achega empresarial prevista no artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, así como do relativo ás cotas por conceptos de recadación conxunta.

2. As empresas e as entidades de calquera sector ou actividade que vexan limitado o desenvolvemento normalizado da súa actividade, a consecuencia de decisións ou medidas adoptadas polas autoridades españolas, poderán beneficiarse, desde a entrada en vigor do presente real decreto lei e nos centros afectados, logo de autorización dun expediente de regulación temporal de emprego de forza maior por limitacións, de acordo

co previsto no artigo 47.3 do Estatuto dos traballadores, das porcentaxes de exoneración seguintes:

a) Respecto das persoas traballadoras destas empresas que teñan as súas actividades suspendidas e dos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión, a exención, respecto da achega empresarial devindica nos meses de outubro, novembro, decembro de 2020 e xaneiro de 2021, alcanzará o 100 %, 90 %, 85 % e 80 %, respectivamente, cando a empresa tivese menos de cincuenta persoas traballadoras ou asimiladas a estas en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020.

b) Respecto das persoas traballadoras destas empresas que teñan as súas actividades suspendidas e dos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión, a exención, respecto da achega empresarial devindica nos meses de outubro, novembro, decembro de 2020 e xaneiro de 2021, alcanzará o 90 %, 80 %, 75 % e 70 %, respectivamente, cando a empresa tivese cincuenta ou máis persoas traballadoras ou asimiladas a estas en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020.

Neste caso, a exoneración aplicárase ao aboamento da achega empresarial prevista no artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, así como do relativo ás cotas por conceptos de recadación conxunta.

3. As exencións na cotización aplicáranse a Tesouraría Xeral da Seguridade Social por instancia da empresa, logo de comunicación da identificación das persoas traballadoras e período da suspensión ou redución de xornada e logo de presentación de declaración responsable, respecto de cada código de conta de cotización e mes de devindicación. Esta declaración fará referencia tanto á existencia como ao mantemento da vixencia dos expedientes de regulación temporal de emprego e ao cumprimento dos requisitos establecidos para a aplicación destas exencións. En concreto e en calquera caso, a declaración fará referencia a ter obtido a correspondente resolución da autoridade laboral emitida de forma expresa ou por silencio administrativo.

Para que a exención resulte de aplicación, as declaracións responsables deberanse presentar antes de solicitarse o cálculo da liquidación de cotas correspondente ao período de devindicación de cotas sobre o que teñan efectos as ditas declaracións.

A renuncia expresa ao expediente de regulación temporal de emprego determina a finalización destas exencións desde a data de efectos da dita renuncia. As empresas deberanlle comunicar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, así como á autoridade laboral que ditase a resolución expresa ou tácita neste, esta renuncia expresa ao expediente de regulación de emprego.

A presentación das declaracións responsables e a renuncia a que se refire este artigo deberase realizar a través do Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social (Sistema RED), regulado na Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo.

4. Para os efectos do control destas exencións de cotas, será suficiente a verificación de que o Servizo Público de Emprego Estatal ou, se é o caso, o Instituto Social da Mariña, recoñezan a correspondente prestación por desemprego polo período de suspensión ou redución de xornada de que se trate, coas particularidades a que se refire o punto 5 do artigo 8 deste real decreto lei.

Non obstante, no caso das persoas traballadoras ás cales non se lles recoñece a prestación por desemprego, será suficiente a verificación do mantemento da persoa traballadora na situación asimilada á de alta a que se refire o artigo 10.

O Servizo Público de Emprego Estatal e, se é o caso, o Instituto Social da Mariña, proporcionaranlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información das prestacións de desemprego recoñecidas ás persoas traballadoras incluídas nos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refiren os puntos 1 e 2. Para tal efecto, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá establecer os sistemas de comunicación necesarios co Servizo Público de Emprego Estatal para o contraste coas súas bases de datos dos períodos de desfrute das prestacións por desemprego.

5. As exencións na cotización a que se refire este artigo non terán efectos para as persoas traballadoras e manterase a consideración do período en que se apliquen como efectivamente cotizado para todos os efectos, sen que resulte de aplicación o establecido no punto 1 do artigo 20 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

6. As exencións reguladas neste artigo serán por conta dos orzamentos da Seguridade Social, das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, do Servizo Público de Emprego Estatal e do Fondo de Garantía Salarial, respecto das achegas que financien as prestacións cubertas por cada un deles.

7. As exencións previstas nos puntos 1 e 2 aplicaranse, respecto das persoas traballadoras que teñan as súas actividades suspendidas e dos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión, ao aboamento da achega empresarial prevista no artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, así como do relativo ás cotas por conceptos de recadación conxunta.

Artigo 3. Procedementos de suspensión e redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción vinculadas á COVID-19.

1. Aos procedementos de regulación temporal de emprego baseados en causas económicas, técnicas, organizativas e de produción vinculadas á COVID-19, iniciados tras a entrada en vigor do presente real decreto lei e ata o 31 de xaneiro de 2021, resultarlles de aplicación o artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, coas especialidades recollidas neste precepto.

2. A tramitación destes expedientes poderá iniciarse mentres estea vixente un expediente de regulación temporal de emprego dos referidos no artigo 1.

3. Cando o expediente de regulación temporal de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción vinculadas á COVID-19 se inicie tras a finalización dun expediente de regulación temporal de emprego baseado na causa prevista no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a data de efectos daquel retrotraerase á data de finalización deste.

4. Os expedientes de regulación temporal de emprego vixentes na data de entrada en vigor do presente real decreto lei seguirán sendo aplicables nos termos previstos na comunicación final da empresa e ata o termo referido nesta.

Non obstante, caberá a prórroga dun expediente que finalice durante a vixencia do presente real decreto lei, nos termos previstos neste punto, sempre que se alcance acordo para iso durante o período de consultas.

Esta prórroga deberá ser tramitada perante a autoridade laboral receptora da comunicación final do expediente inicial, de acordo co procedemento previsto no Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro, coas especialidades a que fai referencia o artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

Artigo 4. Limites relacionados coa repartición de dividendos e transparencia fiscal.

1. Os límites para a tramitación de expedientes de regulación temporal de emprego respecto das empresas e entidades que teñan o seu domicilio fiscal en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais, así como os establecidos en relación coa repartición de dividendos para empresas e sociedades acollidas a determinadas medidas de regulación temporal de emprego, recollidas no artigo 5 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, seguirán vixentes nos termos establecidos no dito precepto.

2. Estes límites resultarán aplicables a todos os expedientes autorizados en virtude do disposto no artigo 2 desta norma, desde a súa entrada en vigor.

Artigo 5. *Salvagarda do emprego.*

1. Os compromisos de mantemento do emprego regulados na disposición adicional sexta do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e no artigo 6 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, manteranse vixentes nos termos previstos nos ditos preceptos e polos prazos recollidos neles.

2. As empresas que, conforme o previsto nesta norma, reciban exoneracións nas cotas á Seguridade Social, quedarán comprometidas, con base na aplicación das ditas medidas excepcionais, a un novo período de seis meses de salvagarda do emprego, cuxo contido, requisitos e cómputo se efectuará nos termos establecidos na disposición adicional sexta do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

Non obstante, se a empresa está afectada por un compromiso de mantemento do emprego previamente adquirido, en virtude dos preceptos a que se refire o punto 1, o inicio do período previsto neste punto producirase cando aquel terminase.

Artigo 6. *Prórroga dos artigos 2 e 5 do Real decreto lei 9/2020, do 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados da COVID-19.*

Os artigos 2 e 5 do Real decreto lei 9/2020, do 27 de marzo, permanecerán vixentes ata o 31 de xaneiro de 2021.

Artigo 7. *Horas extraordinarias e novas externalizacións da actividade durante a aplicación dos expedientes de regulación temporal de emprego regulados nesta norma.*

Non poderán realizarse horas extraordinarias, establecerse novas externalizacións da actividade, nin concertarse novas contratacións, sexan directas ou indirectas, durante a aplicación dos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refire este artigo.

Esta prohibición poderá ser exceptuada no suposto en que as persoas reguladas e que prestan servizos no centro de traballo afectado polas novas contratacións, directas ou indirectas, ou externalizacións, non poidan, por formación, capacitación ou outras razóns obxectivas e xustificadas, desenvolver as funcións encomendadas a aquelas, logo de información ao respecto por parte da empresa á representación legal das persoas traballadoras.

Estas accións poderán constituír infraccións da empresa afectada, en virtude de expediente incoado para o efecto, se é o caso, pola Inspección de Traballo e Seguridade Social.

CAPÍTULO II

Das medidas extraordinarias de protección das persoas traballadoras

Artigo 8. *Medidas extraordinarias en materia de protección por desemprego.*

1. As medidas de protección por desemprego previstas nos puntos 1.a), e 2 ao 5 do artigo 25 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, resultarán aplicables ata o 31 de xaneiro de 2021 ás persoas afectadas polos expedientes de regulación temporal de emprego regulados nos artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e aos referidos no artigo 2 da presente norma e na disposición adicional primeira do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño.

As medidas extraordinarias en materia de protección por desemprego reguladas no artigo 25.6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, resultarán aplicables ata o 31 de decembro de 2020.

2. As empresas afectadas polas prórrogas reguladas no artigo 1 e aquelas que estean aplicando un expediente de regulación temporal de emprego baseado no artigo 23

do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, na data de entrada en vigor da presente norma, deberán formular unha nova solicitude colectiva de prestacións por desemprego, nos termos regulados no parágrafo anterior, antes do día 20 de outubro de 2020.

As empresas que desafecten algunha ou todas as persoas traballadoras deberán comunicar á entidade xestora a baixa na prestación de quen deixe de estar afectado polas medidas de suspensión ou redución con carácter previo á súa efectividade.

As empresas que decidan renunciar, con carácter total e definitivo, ao expediente de regulación temporal de emprego deberán igualmente efectuar a comunicación referida.

3. No caso de procedementos de regulación temporal de emprego polas causas previstas no artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, en que a decisión empresarial se lle comunique á autoridade laboral, tras a entrada en vigor do presente real decreto lei, a empresa deberá formular solicitude colectiva de prestacións por desemprego, en representación das persoas traballadoras, no modelo establecido para o efecto na páxina web ou sede electrónica do SEPE. O prazo para a presentación desta solicitude será o establecido no artigo 268 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

As persoas traballadoras afectadas por estes novos expedientes seranlles de aplicación as medidas previstas no artigo 25.1 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, sen prexuízo do establecido no punto 7 deste artigo.

A duración da prestación recoñecida estenderase como máximo ata o 31 de xaneiro de 2021.

4. A contía da prestación por desemprego recoñecida ás persoas traballadoras afectadas polos procedementos de suspensión de contratos e redución de xornada referidos neste real decreto lei será determinada aplicando, á base reguladora da relación laboral afectada polo expediente, a porcentaxe do 70 por cento, ata o 31 de xaneiro de 2021, sen prexuízo da aplicación das contías máximas e mínimas previstas no artigo 270.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

5. Nos casos previstos nos puntos 1 e 2, para efectos da regularización das prestacións por desemprego, cando, durante un mes natural, se alternen períodos de actividade e de inactividade, así como nos supostos de redución da xornada habitual e nos casos en que se combinen ambos, días de inactividade e días en redución de xornada, a empresa deberá comunicar a mes vencido, a través da comunicación de períodos de actividade da aplicación `certific@2`, a información sobre os días traballados no mes natural anterior.

No caso dos días traballados en redución de xornada, as horas traballadas converteranse en días completos equivalentes de actividade. Para iso, dividirase o número total de horas traballadas no mes entre o número de horas que constituísen a xornada habitual da persoa traballadora con carácter previo á aplicación da redución de xornada.

6. A comunicación prevista no punto anterior enténdese sen prexuízo da obriga da empresa de lle comunicar á entidade xestora, con carácter previo, as baixas e as variacións das medidas de suspensión e redución de xornada, nos termos legalmente establecidos. A Inspección de Traballo e Seguridade Social terá os ditos datos á súa disposición.

7. A medida prevista no artigo 25.1.b) do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, manterase vixente ata o 30 de setembro de 2020.

A redución das prestacións consumidas a partir do 1 de outubro de 2020 nos expedientes de regulación temporal de emprego en que ata agora se aplicaba a dita medida, non obstante, non afectará as novas prestacións que se inicien a partir do 1 de outubro de 2020.

Sen prexuízo do previsto nos parágrafos precedentes, co obxectivo de protexer as persoas afectadas nos seus empregos pola crise, especialmente as máis vulnerables, non se computarán en ningún momento como consumidas as prestacións por desemprego desfrutadas, durante os expedientes referidos no punto 1 deste artigo, por aquelas que accedan a un novo dereito, antes do 1 de xaneiro de 2022, como consecuencia da finalización dun contrato de duración determinada ou dun despedimento, individual ou

colectivo, por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ou un despedimento por calquera causa declarado improcedente.

Artigo 9. *Prestación extraordinaria para persoas con contrato fixo discontinuo ou que realicen traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas.*

1. A prestación extraordinaria recoñeceráselles ás persoas traballadoras con contrato fixo discontinuo e a aquelas que realizan traballos fixos e periódicos que se repiten en datas certas que estivesen afectadas, durante todo ou parte do último período teórico de actividade, por un expediente de regulación temporal de emprego baseado nas causas recollidas nos artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, cando deixen de estar afectadas polo expediente de regulación temporal de emprego, por alcanzarse a data en que finalizase o período de actividade.

2. Igualmente a prestación extraordinaria recoñeceráselles ás persoas traballadoras con contrato fixo discontinuo e a aquelas que realizan traballos fixos e periódicos que se repiten en datas certas que, por encontrárense nalgún dos supostos previstos nas letras b) a d) do artigo 25.6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, fosen beneficiarias de calquera destas medidas, sempre que, unha vez esgotadas, continúen desempregadas e sen dereito a percibir prestacóns por desemprego de nivel contributivo nin asistencial, ou as esgoten antes do día 31 de xaneiro de 2021.

3. O recoñecemento desta prestación, para as persoas incluídas no punto 1, exixirá a presentación por parte da empresa dunha solicitude colectiva de prestacóns extraordinarias, que incluírá todas as persoas con contrato fixo discontinuo ou, para a realización de traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas que deixen de estar afectadas polo expediente de regulación temporal de emprego.

Cando se trate de supostos do punto 2, serán as propias persoas traballadoras afectadas as que deberán solicitar a prestación extraordinaria regulada neste artigo.

4. O prazo para a presentación desta solicitude será o establecido no artigo 268 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social con carácter xeral. Para as situacións producidas antes da data de entrada en vigor desta norma, o prazo será de 15 días desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

5. A duración desta prestación extraordinaria estenderase desde a finalización da medida prevista no artigo 25.6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de que se fose beneficiario, ata o 31 de xaneiro de 2021. Non obstante, a prestación poderá interromperse pola reincorporación temporal da persoa traballadora á súa actividade; neste caso a empresa deberalle comunicar á entidade xestora a baixa da persoa traballadora na prestación extraordinaria. Será a persoa traballadora a obrigada a comunicar a súa baixa á entidade xestora, se inicia un traballo por conta propia ou por conta allea nunha empresa distinta daquela con que ten subscrito o contrato fixo discontinuo. En todos os casos, a prestación extraordinaria poderá reiniciarse, logo de solicitude da persoa traballadora que acredite o cesamento involuntario no traballo por conta propia ou se encontre novamente en situación legal de desemprego, sempre que aquela se presente antes do día 31 de xaneiro de 2021.

Esta prestación será compatible co traballo por conta allea a tempo parcial que se manteña na data do nacemento do dereito ou que se adquira con posterioridade, logo de dedución no seu importe da parte proporcional ao tempo traballado.

6. Esta prestación aboarase por períodos mensuais e en idéntica contía que a última prestación contributiva por desemprego que a persoa afectada percibise ou, se é o caso, a contía mínima da prestación contributiva.

Artigo 10. *Persoas traballadoras incluídas en expedientes de regulación temporal de emprego que non sexan beneficiarias de prestacóns de desemprego.*

1. As persoas traballadoras incluídas nos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refiren o artigo 2 e a disposición adicional primeira deste real decreto lei que non resulten beneficiarias de prestacóns de desemprego durante os períodos de

suspensión de contratos ou redución de xornada e respecto das cales a empresa non está obrigada ao ingreso da achega empresarial a que se refire o artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, consideraranse en situación asimilada á alta durante os ditos períodos, para os efectos de considerar estes como efectivamente cotizados.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, a base de cotización que se terá en conta durante os períodos de suspensión ou redución de xornada será a media das bases de cotización dos seis meses inmediatamente anteriores ao inicio das ditas situacións.

3. O establecido nesta disposición será aplicable, unicamente, durante os períodos de aplicación das exencións na cotización recollidos neste real decreto lei.

Artigo 11. *Compatibilidade das prestacións por desemprego co traballo a tempo parcial en determinados supostos.*

A partir da entrada en vigor do presente real decreto lei, cando as prestacións por desemprego recoñecidas no ámbito dos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refiren os artigos 1, 2 e 3 e a disposición adicional primeira do presente real decreto lei se compatibilicen coa realización dun traballo a tempo parcial non afectado por medidas de suspensión, non se deducirá da contía da prestación a parte proporcional ao tempo traballado.

Artigo 12. *Compensación económica en determinados supostos de compatibilidade da prestación contributiva por desemprego co traballo a tempo parcial.*

1. As persoas beneficiarias da prestación por desemprego regulada no artigo 25.1 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, cuxa contía se vise reducida en proporción ao tempo traballado, en aplicación do artigo 282.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, por manteren no momento do recoñecemento inicial unha ou varias relacións laborais a tempo parcial non afectadas por procedementos de regulación temporal de emprego, terán dereito a percibir unha compensación económica cuxo importe será equivalente ao deixado de percibir pola dedución efectuada.

2. A dita compensación aboarase nun só pagamento, logo de solicitude do interesado formalizada no modelo establecido para o efecto. A solicitude presentarase necesariamente a través da sede electrónica do SEPE, no prazo que media desde a entrada en vigor deste real decreto lei e ata o día 30 de xuño de 2021. A presentación da solicitude fóra deste prazo implicará a súa denegación.

3. O prazo máximo para que o Servizo Público de Emprego Estatal resolva as solicitudes presentadas estenderase ata o día 31 de xullo de 2021. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, a persoa solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude.

TÍTULO II

Medidas de apoio aos traballadores autónomos

Artigo 13. *Prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores autónomos afectados por unha suspensión temporal de toda a actividade como consecuencia de resolución da autoridade competente como medida de contención da propagación do virus COVID-19 e para aqueles traballadores autónomos que non poidan causar dereito á prestación ordinaria de cesamento de actividade prevista na disposición adicional cuarta deste real decreto lei ou á prestación de cesamento de actividade regulada nos artigos 327 e seguintes da Lei xeral da seguridade social, aprobada mediante o Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

1. A partir do 1 de outubro de 2020, os traballadores autónomos que se vexan obrigados a suspender todas as súas actividades como consecuencia dunha resolución adoptada pola autoridade competente, como medida de contención na propagación do

virus COVID-19, terán dereito a unha prestación económica de cesamento de actividade de natureza extraordinaria nos termos e requisitos que se establecen a continuación.

a) Son requisitos para causar dereito a esta prestación:

1.º Estar afiliados e en alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, se é o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, cando menos, 30 días naturais antes da data da resolución que acorde o cesamento de actividade.

2.º Encontrarse ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social. Non obstante, se na data da suspensión da actividade non se cumpre este requisito, o órgano xestor invitará o pagamento ao traballador autónomo, para que, no prazo improrrogable de trinta días naturais, ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

b) A contía da prestación será do 50 por cento da base mínima de cotización que corresponda pola actividade desenvolvida.

Esta cantidade incrementarase nun 20 por cento, se o traballador autónomo ten recoñecida a condición de membro dunha familia numerosa e os únicos ingresos da unidade familiar ou análoga, durante ese período, proceden da súa actividade suspendida.

Non obstante, cando convivan nun mesmo domicilio persoas unidas por vínculo familiar ou unidade análoga de convivencia, ata o primeiro grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade, e dous ou máis membros teñan dereito a esta prestación extraordinaria de cesamento de actividade, a contía de cada unha das prestacións será do 40 por cento e non será de aplicación a previsión recollida no punto anterior para familias numerosas.

c) O dereito á prestación nacerá desde o día seguinte ao día da adopción da medida de peche de actividade adoptada pola autoridade competente e finalizará o último día do mes en que se acorde o levantamento dela.

d) Durante o tempo que permaneza a actividade suspendida manterase a alta no réxime especial correspondente e o traballador autónomo quedará exonerado da obriga de cotizar. A exoneración do ingreso das cotas estenderase desde o primeiro día do mes en que se adopta a medida de peche de actividade ata o último día do mes seguinte a aquel en que se levante a dita medida.

O período durante o cal o traballador autónomo estea exento da obriga de cotizar entenderase como cotizado e as cotizacións que correspondan a este serán asumidas polas entidades con cargo aos orzamentos cos cales se cubra a correspondente prestación.

A base de cotización aplicable durante todo o período de percepción desta prestación extraordinaria será, en todo caso, a establecida no momento de inicio da dita prestación.

A duración máxima e o resto de condicións de aplicación das deducións na cotización a que poida ter dereito o traballador beneficiario desta prestación extraordinaria por cesamento na actividade non se modificará pola percepción desta última.

As mutuas colaboradoras e o Instituto Social da Mariña proporcionaránlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información necesaria, a través dos procedementos que estableza esta última, para a aplicación do establecido neste punto, tanto no momento do recoñecemento provisional da prestación como na revisión posterior, conforme o establecido na letra i).

e) O percibimento da prestación será incompatible coa percepción dunha retribución polo desenvolvemento dun traballo por conta allea, salvo que os ingresos do traballo por conta allea sexan inferiores a 1,25 veces o importe do salario mínimo interprofesional, co desempeño doutra actividade por conta propia, coa percepción de rendementos procedentes da sociedade cuxa actividade se vise afectada polo peche, así como coa percepción dunha prestación de Seguridade Social, salvo aquela que o beneficiario viñese percibindo por ser compatible co desempeño da actividade que desenvolvía.

Polo que se refire aos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, a prestación por cesamento de actividade será, ademais, incompatible coas axudas por paralización da frota.

f) Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito igualmente a esta prestación extraordinaria, sempre que reúnan os requisitos establecidos neste punto.

g) A xestión desta prestación corresponderalles ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña.

h) O tempo de percepción da prestación non reducirá os períodos de prestación por cesamento de actividade a que o beneficiario poida ter dereito no futuro.

i) O recoñecemento da prestación regulada neste artigo deberá solicitarse dentro dos primeiros quince días seguintes á entrada en vigor do acordo ou resolución de peche de actividade.

No caso de que a solicitude se presente fóra do prazo establecido, o dereito á prestación iniciárase o día da solicitude. Non obstante, o traballador quedará exento da obriga de cotizar desde o primeiro día do mes en que a autoridade gubernativa determinase a prohibición da actividade, ben que nese caso o período anterior á data de solicitude non se entenderá como cotizado e non asumirán a cotización as entidades que cubran as respectivas prestacións.

As entidades encargadas da xestión desta prestación, de acordo coa solicitude presentada e os documentos, se é o caso, achegados, ditará a resolución provisional que sexa procedente e estimará ou desestimará o dereito. Finalizada a medida de peche de actividade, revisaranse todas as resolucións provisionais adoptadas. No suposto de que se desprenda que o interesado non ten dereito á prestación, iniciaranse os trámites de reclamación das cantidades indebidamente percibidas; nestes casos deberanse, ademais, ingresar as cotizacións correspondentes a todo o período de percepción indebida da prestación e aplicárase o procedemento de xestión recadadora do sistema da Seguridade Social en todos os seus termos.

j) Na solicitude da prestación o interesado deberá comunicar á mutua ou á entidade xestora da prestación os membros que integran a unidade familiar e, se algún deles é ou pode ser perceptor da prestación de cesamento de actividade, ou se conta con algún outro tipo de ingresos.

Xunto coa solicitude, achegarase unha declaración xurada dos ingresos que se perciben, se é o caso, como consecuencia do traballo por conta allea, sen prexuízo da obriga que asiste o perceptor da prestación de presentar un certificado de empresa e a declaración da renda á entidade xestora da prestación, cando así sexa requirido.

2. A partir do 1 de outubro de 2020, poderán acceder a unha prestación económica de cesamento de actividade de natureza extraordinaria nos termos que se definen a continuación aqueles traballadores autónomos que reúnen os requisitos establecidos neste punto.

a) Os requisitos que deben concorrer para causar dereito á prestación son os seguintes:

1.º Estar dado de alta e ao día no pagamento das cotizacións no réxime especial de traballadores autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar como traballador por conta propia desde antes do 1 de abril de 2020.

Non obstante, se na data da presentación da solicitude non se cumpre o requisito de estar ao día no pagamento das cotizacións, o órgano xestor invitará o traballador autónomo ao pagamento para que, no prazo improrrogable de trinta días naturais, ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

2.º Non ter dereito á prestación de cesamento de actividade que se regula na disposición adicional cuarta desta norma ou á prestación de cesamento de actividade

regulada nos artigos 327 e seguintes do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, por non reunir os requisitos de carencia exixidos na norma.

3.º Non ter ingresos procedentes da actividade por conta propia no último trimestre do exercicio 2020 superiores ao salario mínimo interprofesional.

4.º Sufrir, no cuarto trimestre de 2020, unha redución nos ingresos da actividade por conta propia de, cando menos, o 50% en relación cos ingresos tidos no primeiro trimestre de 2020.

Para o cálculo da redución de ingresos, terase en conta o período en alta no primeiro trimestre do ano 2020 e comparárase coa parte proporcional dos ingresos tidos no cuarto trimestre polo mesmo tempo.

b) A contía da prestación será do 50 por cento da base mínima de cotización que corresponda pola actividade desenvolvida.

Non obstante, cando convivan nun mesmo domicilio persoas unidas por vínculo familiar ou unidade análoga de convivencia ata o primeiro grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade, e dous ou máis membros teñan dereito a esta prestación extraordinaria de cesamento de actividade, a contía de cada unha das prestacións será do 40 por cento.

c) Esta prestación extraordinaria por cesamento de actividade poderá comezar a devindicarse con efectos do 1 de outubro de 2020 e terá unha duración máxima de 4 meses, sempre que a solicitude se presente dentro dos primeiros quince días naturais de outubro. En caso contrario, os efectos quedan fixados no primeiro día do mes seguinte ao da presentación da solicitude e a súa duración non poderá exceder o 31 de xaneiro de 2021.

d) O percibimento da prestación será incompatible coa percepción dunha retribución polo desenvolvemento dun traballo por conta allea, salvo que os ingresos do traballo por conta allea sexan inferiores a 1,25 veces o importe do salario mínimo interprofesional, co desempeño doutra actividade por conta propia, coa percepción de rendementos procedentes dunha sociedade; coa percepción dunha prestación de Seguridade Social, salvo aquela que o beneficiario viñese percibindo, por ser compatible co desempeño da actividade que desenvolvía.

Polo que se refire aos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, a prestación por cesamento de actividade será, ademais, incompatible coas axudas por paralización da frota.

e) Durante o tempo de percepción da prestación manterase a alta no réxime especial correspondente e o traballador autónomo quedará exonerado da obriga de cotizar.

O período durante o cal o traballador autónomo estea exento da obriga de cotizar entenderase como cotizado e as cotizacións que lle correspondan a este serán asumidas polas entidades con cargo aos orzamentos cos cales se cubra a correspondente prestación.

A base de cotización aplicable durante todo o período de percepción desta prestación extraordinaria será, en todo caso, a establecida no momento de inicio da dita prestación.

A duración máxima e o resto de condicións de aplicación das deducións na cotización a que poida ter dereito o traballador beneficiario desta prestación extraordinaria por cesamento na actividade non se modificará polo percibimento desta última.

As mutuas colaboradoras e o Instituto Social da Mariña proporcionaránlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información necesaria, a través dos procedementos que estableza esta última, para a aplicación do establecido neste punto, tanto no momento do recoñecemento provisional da prestación como na revisión posterior, conforme o establecido nos puntos i) e j).

f) Os traballadores autónomos que perciban esta prestación e non estivesen cotizando por cesamento de actividade virán obrigados a cotizar por este concepto a partir do mes seguinte a aquel en que finalice a percepción da prestación.

g) Extinguirase o dereito a esta prestación se, durante a súa percepción, concorren os requisitos para causar dereito á prestación de cesamento de actividade recollida na disposición adicional cuarta desta norma ou á prestación de cesamento de actividade

regulada nos artigos 327 e seguintes do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, sen prexuízo do dereito que asiste o interesado a solicitar a prestación correspondente.

h) Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito igualmente a esta prestación extraordinaria nos termos establecidos, sempre que reúnan os requisitos desta epígrafe.

i) A xestión desta prestación corresponderá ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña.

As entidades encargadas da xestión desta prestación, de acordo coa solicitude presentada e os documentos, se é o caso, achegados, ditarán a resolución provisional que sexa procedente, estimando ou desestimando o dereito.

Xunto coa solicitude, achegarase unha declaración xurada dos ingresos que se perciben, se é o caso, como consecuencia do traballo por conta allea, sen prexuízo da obriga que asiste o perceptor da prestación de presentar un certificado de empresa e a declaración da renda á entidade xestora da prestación.

j) A partir do 1 de marzo de 2021 revisaranse todas as resolucións provisionais adoptadas.

1.º Para iso, as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, sempre que teñan o consentimento dos interesados, ou o Instituto Social da Mariña recadarán do Ministerio de Facenda os datos tributarios correspondentes ao ano 2020 dos traballadores autónomos.

Se as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña non poden ter acceso aos datos que consten nas administracións tributarias, os traballadores autónomos deberán achegar á mutua colaboradora:

Copia do modelo 390 de declaración resumo anual do IVE do ano 2020.

Copia do modelo 130 correspondente á autoliquidación en pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2020.

Declaración da renda das persoas físicas ou certificado de empresas onde consten as retribucións percibidas por conta allea.

Os traballadores autónomos que tributen no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) por estimación obxectiva (modelo 131) deberán achegar a documentación necesaria para acreditar os ingresos exixidos neste precepto.

2.º No suposto de que se desprenda que o interesado non ten dereito á prestación, iniciaranse os trámites de reclamación das cantidades indebidamente percibidas.

Para iso, a entidade competente, para o recoñecemento da prestación, ditará resolución en que fixará o importe da cantidade que se deberá reintegrar, que deberá facerse sen xuros ou recarga no prazo que se determine na resolución.

Transcorrido o prazo fixado na resolución que para o efecto se dite, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social reclamará a débeda pendente, coas recargas e xuros que procedan conforme o procedemento administrativo de recadación establecido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

k) No momento de solicitar a prestación, o interesado deberalles comunicar á mutua ou á entidade xestora da prestación os membros que integran a unidade familiar se algún deles é ou pode ser perceptor da prestación de cesamento de actividade ou se contan con algún outro tipo de ingresos.

l) O traballador autónomo que solicitase o pagamento da prestación regulada nesta epígrafe poderá:

Renunciar a ela en calquera momento antes do 31 de xaneiro de 2021 e a renuncia producirá efectos o mes seguinte ao da súa comunicación.

Devolver, por iniciativa propia, a prestación por cesamento de actividade, sen necesidade de esperar á reclamación da mutua colaboradora coa Seguridade Social ou da entidade xestora, cando considere que os ingresos percibidos durante o cuarto trimestre

de 2020 ou a caída da facturación nese mesmo período superarán os limiares establecidos no punto 2, coa correspondente perda do dereito á prestación.

Artigo 14. *Prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores de temporada.*

1. Para os efectos deste precepto, considéranse traballadores de temporada aqueles traballadores autónomos cuxo único traballo, ao longo dos últimos dous anos, se desenvolve no réxime especial de traballadores autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar, durante os meses de xuño a decembro.

Considerarase que o traballador autónomo desenvolveu un único traballo durante os meses de xuño a decembro de 2018 e 2019 sempre que, de ter estado de alta nun réxime de Seguridade Social como traballador por conta allea, esta alta non supere os 120 días ao longo deses dous anos.

2. Serán requisitos para causar dereito á prestación:

a) Ter estado de alta e ter cotizado no réxime especial de traballadores autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar como traballador por conta propia durante, cando menos, catro meses no período comprendido entre os meses de xuño a decembro de cada un dos anos 2018 e 2019.

b) Non ter estado en alta ou asimilado á alta como traballador por conta allea no réxime de Seguridade Social correspondente máis de 120 días durante o período comprendido entre o 1 de xuño de 2018 e o 31 de xullo de 2020.

c) Non ter desenvolvido actividade nin ter estado dado de alta ou asimilado á alta desde o 1 de marzo ao 31 de maio de 2020.

d) Non ter percibido prestación ningunha do sistema de Seguridade Social durante os meses de xaneiro a xuño de 2020, salvo que esta fose compatible co exercicio dunha actividade como traballador autónomo.

e) Non ter obtido durante o ano 2020 uns ingresos que superen os 23.275 euros.

f) Encontrarse ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social. Non obstante, se non se cumpre este requisito, o órgano xestor invitará ao pagamento o traballador autónomo para que, no prazo improrrogable de trinta días naturais, ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

3. A contía da prestación regulada neste artigo será o equivalente ao 70 por cento da base mínima de cotización que corresponda pola actividade desempeñada no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, se é o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

4. A prestación extraordinaria por cesamento de actividade regulada neste artigo poderá comezar a devindicarse con efectos do 1 de outubro de 2020 e terá unha duración máxima de 4 meses, sempre que a solicitude se presente dentro dos primeiros quince días naturais de outubro. En caso contrario, os efectos quedan fixados o día seguinte ao da presentación da solicitude.

5. Durante a percepción da prestación non existirá obriga de cotizar e o traballador permanecerá en situación de alta, ou asimilado á alta, no réxime de Seguridade Social correspondente.

6. As cotizacións polas cales non exista obriga de cotizar serán asumidas polas entidades con cargo aos orzamentos cos cales se cubra a correspondente prestación.

7. Esta prestación será incompatible co traballo por conta allea e con calquera prestación de Seguridade Social que o beneficiario viñese percibindo, salvo que fose compatible co desempeño da actividade como traballador por conta propia. Así mesmo, será incompatible co traballo por conta propia e coa percepción de rendementos procedentes da sociedade cuxa actividade se vise afectada polo peche, cando os ingresos que se perciban durante o ano 2020 superen os 23.275 euros.

Polo que se refire aos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, a prestación por cesamento de actividade será incompatible, ademais, coa percepción das axudas por paralización da frota.

8. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito, nas mesmas condicións, a esta prestación extraordinaria, sempre que reúnan os requisitos establecidos neste artigo.

9. A xestión desta prestación corresponderalles ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña.

10. O recoñecemento da prestación regulada neste artigo poderá solicitarse en calquera momento durante o período comprendido entre a entrada en vigor da norma e o mes de xaneiro de 2021.

Os efectos da solicitude son os determinados no punto 4.

As entidades xestoras, de acordo coa solicitude presentada e os documentos, se é o caso, achegados, ditará a resolución provisional que sexa procedente e estimará ou desestimará o dereito.

11. A partir do 1 de marzo de 2021 revisaranse todas as resolucións provisionais adoptadas.

a) Para iso, as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, sempre que teñan o consentimento dos interesados, ou o Instituto Social da Mariña, recadarán do Ministerio de Facenda os datos tributarios correspondentes ao segundo semestre do ano 2020 dos traballadores autónomos.

Se as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña non puidesen ter acceso aos datos que constan nas administracións tributarias, os traballadores autónomos deberán achegar á mutua colaboradora:

Copia do modelo 390 de declaración resumo anual do IVE do ano 2020.

Copia do modelo 130 correspondente á autoliquidación en pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2020.

Os traballadores autónomos que tributen no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) por estimación obxectiva (modelo 131) deberán achegar a documentación necesaria para acreditar os ingresos exixidos neste precepto.

b) No suposto de que se desprenda que o interesado non ten dereito á prestación, iniciaranse os trámites de reclamación das cantidades indebidamente percibidas.

Para iso, a entidade competente para o recoñecemento da prestación ditará resolución en que se fixe o importe da cantidade que se deberá reintegrar, que deberá facerse sen xuros ou recarga no prazo que se determine na resolución.

Transcorrido o prazo fixado na resolución que para o efecto se dite, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social reclamará a débeda pendente, coas recargas e xuros que procedan conforme o procedemento administrativo de recadación establecido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

12. O traballador autónomo que solicitase o pagamento da prestación regulada neste artigo poderá:

Renunciar a ela en calquera momento antes do 31 de decembro de 2020 e a renuncia producirá efectos o mes seguinte ao da súa comunicación.

Devolver por iniciativa propia a prestación por cesamento de actividade, sen necesidade de esperar á reclamación da mutua colaboradora coa Seguridade Social ou da entidade xestora, cando considere que os ingresos que pode percibir polo exercicio da actividade durante o tempo que pode causar dereito a ela superarán os limiares establecidos no punto 2.e) coa correspondente perda do dereito á prestación.

Disposición adicional primeira. *Empresas pertencentes a sectores cunha elevada taxa de cobertura por expedientes de regulación temporal de emprego e unha reducida taxa de recuperación de actividade.*

Considéranse empresas pertencentes a sectores cunha elevada taxa de cobertura e unha reducida taxa de recuperación de actividade aquelas que teñan expedientes de regulación temporal de emprego prorrogados automaticamente ata o 31 de xaneiro de 2021, conforme o establecido no artigo 1, e cuxa actividade se clasifique nalgún dos códigos da Clasificación nacional de actividades económicas –CNAE-09– previstos no anexo da presente norma no momento da súa entrada en vigor.

Tamén poderán acceder ás exoneracións previstas no punto terceiro desta disposición adicional as empresas que teñan expedientes de regulación temporal de emprego prorrogados automaticamente ata o 31 de xaneiro de 2021, conforme o establecido no artigo 1, cuxo negocio dependa, indirectamente e na súa maioría, das empresas a que se refire o punto anterior ou que formen parte da cadea de valor destas, nos termos establecidos a continuación.

Entenderase que son integrantes da cadea de valor ou dependentes indirectamente das empresas a que se refire o punto 1 as empresas cuxa facturación, durante o ano 2019, se xerase, cando menos, nun cincuenta por cento, en operacións realizadas de forma directa coas incluídas nalgún dos códigos da CNAE-09 referidos no anexo indicado, así como aquelas cuxa actividade real dependa indirectamente da desenvolvida efectivamente polas empresas incluídas nos ditos códigos CNAE-09.

A solicitude de declaración de empresa dependente ou integrante da cadea de valor deberá ser presentada entre os días 5 e 19 de outubro de 2020, e tramitarse e resolverse de acordo co seguinte procedemento:

a) O procedemento iniciárase mediante solicitude da empresa perante a autoridade laboral que ditase a resolución expresa ou tácita do expediente de regulación temporal de emprego prorrogado, á cal se xuntará un informe ou memoria explicativa da concorrência, dentro do ámbito do dito expediente, das circunstancias previstas no parágrafo segundo deste punto e, se é o caso, da correspondente documentación acreditativa. A empresa deberalles comunicar a súa solicitude ás persoas traballadoras e trasladar o informe anterior e a documentación acreditativa, en caso de existir, á representación destas.

b) A resolución da autoridade laboral ditarase no prazo de cinco días contado desde a presentación da solicitude, logo de solicitude de informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e deberá limitarse a constatar a condición de empresa integrante da cadea de valor ou dependente indirectamente, nos termos definidos por esta disposición adicional.

Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa e sen prexuízo da obriga de ditar resolución conforme a normativa de procedemento administrativo, a empresa poderá entender estimada a solicitude presentada por silencio administrativo.

c) O informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social tramitarse no prazo improrrogable de cinco días.

En todo o non previsto neste punto resultarán de aplicación as normas sobre procedemento contidas no título II do Regulamento dos procedementos de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada, aprobado polo Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro.

3. Quedarán exoneradas, entre o 1 de outubro de 2020 e o 31 de xaneiro de 2021, do aboamento da achega empresarial á cotización á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, nas porcentaxes e condicións que se indican na seguinte epígrafe, as seguintes empresas:

a) Empresas ás cales se lles prorrogue automaticamente o expediente de regulación temporal de emprego vixente, baseado no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, segundo o establecido no artigo 1.1, e que teñan a consideración de pertencentes a sectores cunha elevada taxa de cobertura por expedientes de regulación temporal de

emprego e unha reducida taxa de recuperación de actividade, segundo os puntos 1 e 2 desta disposición adicional.

b) Empresas a que se refire o artigo 3.3, que transiten desde un expediente de regulación temporal de emprego de forza maior baseado nas causas do artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a un de causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción durante a vixencia desta norma, cuxa actividade se clasifique nalgún dos códigos da Clasificación nacional de actividades económicas –CNAE-09– previstos no anexo da presente norma no momento da súa entrada en vigor.

c) Empresas titulares dun expediente de regulación temporal de emprego baseado no artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a que se refire o artigo 4.2 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, cuxa actividade se clasifique nalgún dos códigos da Clasificación nacional de actividades económicas –CNAE-09– previstos no anexo da presente norma no momento da súa entrada en vigor.

d) Empresas que, tendo sido cualificadas como dependentes ou integrantes da cadea de valor, transiten desde un expediente de regulación temporal de emprego por causas de forza maior baseado no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a un por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, conforme o establecido no artigo 3.3.

4. As empresas indicadas no punto anterior quedarán exoneradas, respecto das persoas traballadoras afectadas polo expediente de regulación temporal de emprego que reinicien a súa actividade a partir do 1 de outubro de 2020, ou que a reiniciasen desde a entrada en vigor do Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, nos termos do seu artigo 4.2.a), e dos períodos e porcentaxes de xornada traballados a partir do 1 de outubro de 2020, e respecto das persoas traballadoras que teñan as súas actividades suspendidas entre o 1 de outubro de 2020 e o 31 de xaneiro de 2021 e dos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión, nas porcentaxes e condicións que se indican a continuación:

a) O 85 % da achega empresarial devindicada en outubro, novembro, decembro de 2020 e xaneiro de 2021, cando a empresa tivese menos de cincuenta persoas traballadoras ou asimiladas a estas en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020.

b) O 75 % da achega empresarial devindicada en outubro, novembro, decembro de 2020 e xaneiro de 2021, cando a empresa tivese cincuenta ou máis persoas traballadoras ou asimiladas a estas en situación de alta en 29 de febreiro de 2020.

5. As exencións reguladas nesta disposición adicional serán incompatibles coas medidas reguladas no artigo 2 da presente norma. Así mesmo, resultaranlles de aplicación os puntos 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 2 deste real decreto lei.

6. Para efectos do establecido nesta disposición adicional, considerarase que o código da CNAE-09 en que se clasifica a actividade da empresa é o que resulte de aplicación para a determinación dos tipos de cotización para a cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais respecto das liquidacións de cotas presentadas en setembro de 2020, segundo o establecido na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

Disposición adicional segunda. *Comisión de Seguimento Tripartita Laboral.*

1. A Comisión de Seguimento tripartita laboral estará integrada polo Ministerio de Traballo e Economía Social, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e pola Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE), a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa (Cepeme), Comisións Obreiras (CC.OO.) e a Unión Xeral de Traballadores (UGT) e terá como funcións, desde a entrada en vigor do presente real decreto lei, a valoración das medidas recollidas neste e da evolución da actividade económica e o emprego, así como a análise das eventuais medidas futuras para a protección do emprego e do tecido produtivo.

2. Para o desenvolvemento das ditas funcións, a comisión reunirase, con carácter ordinario, cada 15 días desde a entrada en vigor da presente norma, logo de convocatoria remitida para o efecto polo Ministerio de Trabajo e Economía Social e, con carácter extraordinario, sempre que o soliciten tres das catro organizacións integrantes dela.

Disposición adicional terceira. *Formación das persoas afectadas por expedientes de regulación temporal de emprego.*

1. As persoas traballadoras que se encontren en situación de suspensión de contrato ou de redución de xornada como consecuencia dun expediente de regulación temporal de emprego dos referidos nesta norma terán a consideración de colectivo prioritario para o acceso ás iniciativas de formación do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

2. Con este obxectivo, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta norma, adoptaranse as seguintes medidas:

a) Adaptación, para a súa flexibilización, da normativa reguladora, particularmente a Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

b) Integración destas persoas como colectivo prioritario nas bases reguladoras das diferentes iniciativas de formación profesional para o emprego.

c) Programación de plans específicos de formación adaptados á realidade produtiva destas persoas, con especial relevancia naquelas iniciativas relacionadas coa adquisición de competencias para a transformación dixital, así como nos plans de formación sectoriais e intersectoriais

Disposición adicional cuarta. *Dereito á prestación de cesamento de actividade compatible co traballo por conta propia e prórroga das prestacións xa causadas ao abeiro do artigo 9 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial.*

1. Os traballadores autónomos que viñesen percibindo no momento da entrada en vigor desta norma a prestación por cesamento de actividade prevista no artigo 9 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, poderán continuar percibíndoa ata o 31 de xaneiro de 2021, sempre que, durante o cuarto trimestre do ano 2020, manteñan os requisitos que se estableceron para a súa concesión.

Así mesmo, os traballadores autónomos que non percibisen esta prestación durante o terceiro trimestre de 2020 poderán solicitar a prestación por cesamento de actividade prevista no artigo 327 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, sempre que concorran os requisitos establecidos nos puntos a), b), d) e e) do artigo 330.1 da norma e percibisen, ata o 30 de xuño, a prestación extraordinaria por cesamento de actividade prevista no artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.

2. O acceso a esta prórroga da prestación ou, se é o caso, á prestación exixirá acreditar unha redución na facturación durante o cuarto trimestre do ano 2020 de, cando menos, o 75 por cento en relación co mesmo período do ano 2019, así como non ter obtido durante o trimestre indicado de 2020 uns rendementos netos superiores a 5.818,75 euros.

Para determinar o dereito á prestación mensual ratearanse os rendementos netos do cuarto trimestre, sen que estes poidan exceder os 1.939,58 euros mensuais.

No caso dos traballadores autónomos que teñan un ou máis traballadores ao seu cargo, deberá acreditarse no momento de solicitar a prestación o cumprimento de todas as obrigas laborais e de Seguridade Social que teñan asumidas. Para iso, emitirán unha declaración responsable e poderán ser requiridos polas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou pola entidade xestora para que acheguen os documentos precisos que acrediten este punto.

3. Esta prestación poderá percibirse como máximo ata o 31 de xaneiro de 2021, sempre que o traballador teña dereito a ela nos termos fixados no artigo 338 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Así mesmo, percibirán esta prestación ata o 31 de xaneiro de 2021 aqueles traballadores autónomos que en 31 de outubro viñesen percibindo a prestación de cesamento de actividade recoñecida ao abeiro do artigo 9 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, e vexan esgotado o seu dereito ao cesamento previsto no citado precepto antes do 31 de decembro de 2020, sempre que reúnan os requisitos exixidos para o efecto.

A partir do 31 de xaneiro de 2021 só se poderá continuar percibindo esta prestación de cesamento de actividade se concorren todos os requisitos do artigo 330 da Lei xeral da seguridade social.

4. O recoñecemento á prestación levarano a cabo as mutuas colaboradoras ou o Instituto Social da Mariña con carácter provisional, con efectos do 1 de outubro de 2020, se se solicita antes do 15 de outubro, ou con efecto desde o día seguinte ao da solicitude noutro caso, e deberá ser regularizada a partir do 1 de marzo de 2021.

5. A partir do 1 de marzo de 2021 as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, sempre que teñan o consentimento dos interesados outorgado na solicitude ou o Instituto Social da Mariña recadarán do Ministerio de Facenda os datos tributarios dos exercicios 2019 e 2020 necesarios para o seguimento e control das prestacións recoñecidas.

Se as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña non puidesen ter acceso aos datos que consten nas administracións tributarias, os traballadores autónomos deberán achegar á mutua colaboradora nos dez días seguintes ao seu requirimento:

Copia do modelo 303 de autoliquidación do imposto sobre o valor engadido (IVE), correspondente ás declaracións do cuarto trimestre dos anos 2019 e 2020.

Copia do modelo 130 correspondente á autoliquidación en pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do segundo e cuarto trimestre dos anos 2019 e 2020, para os efectos de poder determinar o que corresponde ao cuarto trimestre deses anos.

Os traballadores autónomos que tributen no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) por estimación obxectiva (modelo 131) deberán achegar a documentación necesaria ou calquera outro medio de proba que sirva para acreditar os ingresos exixidos neste precepto.

6. Comprobados os datos pola entidade colaboradora ou xestora competente para o recoñecemento da prestación, reclamaranse as prestacións percibidas por aqueles traballadores autónomos que superen os límites de ingresos establecidos neste precepto, ou que non acrediten unha redución na facturación durante o cuarto trimestre do ano 2020 de, cando menos, o 75 por cento en relación co mesmo período do ano 2019.

A entidade competente para a reclamación fixará a data de ingreso das cantidades reclamadas, que deberá facerse sen xuros ou recarga.

Transcorrido o prazo fixado na resolución que para o efecto se dite, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social reclamará a débeda pendente, coas recargas e xuros que procedan conforme o procedemento administrativo de recadación establecido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

7. O traballador autónomo, durante o tempo que estea percibindo a prestación, deberá ingresar na Tesouraría Xeral da Seguridade Social a totalidade das cotizacións aplicando os tipos vixentes á base de cotización correspondente.

A mutua colaboradora ou, se é o caso, o Instituto Social da Mariña, aboará ao traballador, xunto coa prestación por cesamento na actividade, o importe das cotizacións por continxencias comúns que lle correspondese ingresar, de encontrarse o traballador autónomo sen desenvolver ningunha actividade, en aplicación do disposto no artigo 329 do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

8. Nos supostos de cesamento definitivo na actividade con anterioridade ao 31 de decembro de 2020, os límites dos requisitos fixados neste punto tomaranse de maneira proporcional ao tempo da duración da actividade; para estes efectos, o cálculo farase computándose na súa integridade o mes en que se produza a baixa no réxime da Seguridade Social no cal estivese encadrado.

9. O traballador autónomo que solicitase o pagamento da prestación regulada neste artigo poderá:

Renunciar a ela en calquera momento antes do 31 de xaneiro de 2021 e a renuncia producirá efectos o mes seguinte ao da súa comunicación.

Devolver por iniciativa propia a prestación por cesamento de actividade, sen necesidade de esperar á reclamación da mutua colaboradora coa Seguridade Social ou da entidade xestora, cando considere que os ingresos percibidos durante o cuarto trimestre de 2020 ou a caída da facturación nese mesmo período superarán os limiares establecidos no punto 2 coa correspondente perda do dereito á prestación.

10. Non obstante o establecido nos puntos anteriores, a prestación de cesamento de actividade poderá ser compatible co traballo por conta allea e as condicións aplicables neste suposto serán as seguintes:

a) Os ingresos netos procedentes do traballo por conta propia e os ingresos procedentes do traballo por conta allea non poderá superar 2,2 veces o salario mínimo interprofesional. Na determinación deste cómputo, os ingresos procedentes do traballo por conta allea non superarán 1,25 veces o importe do salario mínimo interprofesional.

b) A contía da prestación será o 50% da base de cotización mínima que lle corresponda en función da actividade.

c) Xunto coa solicitude achegarase unha declaración xuramentada dos ingresos que se perciben como consecuencia do traballo por conta allea, sen prexuízo da obriga que asiste de presentar un certificado de empresa e a declaración da renda á entidade xestora da prestación.

d) Será de aplicación o disposto nos puntos anteriores sempre que non contradigan o disposto neste punto.

Disposición adicional quinta. *Comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da Seguridade Social.*

Encoméndanse á Comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da Seguridade Social creada ao abeiro do disposto na disposición adicional sexta do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, o seguimento e a avaliación das medidas establecidas nos artigos 13 e 14, así como na disposición adicional cuarta desta norma.

Disposición adicional sexta. *Dereito á percepción do bono social por parte de determinados colectivos en situación de vulnerabilidade económica.*

1. Terán consideración de consumidores vulnerables na súa vivenda habitual e nos termos recollidos no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos, os consumidores que acrediten, segundo se establece nesta disposición adicional e presentando a correspondente declaración responsable incluída no modelo de solicitude, a partir da data de entrada en vigor do presente real decreto lei, que o titular do punto de subministración cumpre os requisitos establecidos no punto 2 do artigo desta disposición adicional.

Cando o contrato de subministración da vivenda habitual dun profesional por conta propia ou autónomo estea a nome da persoa xurídica, o bono social deberá solicitarse para a persoa física, o que implicará un cambio de titularidade do contrato de subministración.

2. Para que un consumidor de enerxía eléctrica poida ser considerado consumidor vulnerable para os efectos do presente artigo, este debe acreditar, conforme o punto 4, que o titular do punto de subministración, ou algún dos membros da súa unidade familiar, se encontra en situación de desemprego, expediente temporal de regulación de emprego (ERTE), ou viu reducida a súa xornada por motivo de coidados, en caso de ser empresario, ou outras circunstancias similares que supoñan unha perda substancial de ingresos e non alcanza por iso o conxunto dos ingresos dos membros da unidade familiar no mes anterior ao momento en que se presenta a solicitude do bono social completa, con toda a documentación requirida, as seguintes cantidades:

- 1,5 veces a doceava parte do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) de 14 pagas, no caso de que non forme parte dunha unidade familiar ou non haxa ningún menor na unidade familiar;
- 2 veces a doceava parte do índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa un menor na unidade familiar;
- 2,5 veces a doceava parte do índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa dous menores na unidade familiar.

Para estes efectos, considérase unidade familiar a constituída conforme o disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Estes multiplicadores de renda respecto do índice IPREM de 14 pagas incrementaranse, en cada caso, en 0,5, sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias especiais:

- a) Que o consumidor ou algún dos membros da unidade familiar teña discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
- b) Que o consumidor ou algún dos membros da unidade familiar acredite a situación de violencia de xénero, conforme o establecido na lexislación vixente.
- c) Que o consumidor ou algún dos membros da unidade familiar teña a condición de vítima de terrorismo, conforme o establecido na lexislación vixente.
- d) Que o consumidor ou algún dos membros da unidade familiar se encontre en situación de dependencia recoñecida de grao II ou III, conforme o establecido na lexislación vixente.
- e) Que o consumidor acredite que a unidade familiar está integrada por un único proxenitor e, cando menos, un menor. Para os únicos efectos de comprobación desta circunstancia especial, o comercializador comprobará, a través do libro de familia e do certificado de empadramento, que non reside na vivenda á cuxa subministración se encontra ligado o bono social un segundo proxenitor.

3. A condición de consumidor vulnerable definida no punto anterior e, por tanto, o dereito a percibir o bono social nos termos que corresponda, extinguirase cando deixen de concorrer as circunstancias referidas e o consumidor estará obrigado a lle comunicar este feito ao comercializador de referencia no prazo máximo dun mes.

En calquera caso, a condición de consumidor vulnerable definida no punto anterior e, por tanto, o dereito a percibir o bono social nos termos que corresponda, extinguirase con data do 30 de xuño de 2021, sen prexuízo da posibilidade de acollerse á dita condición en calquera momento anterior ou posterior a esa data, ao abeiro do resto de supostos previstos no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro.

A empresa comercializadora de referencia estará obrigada a lle indicar ao consumidor, na última factura que emita antes da data prevista no punto anterior, a data de tal vencemento, e informará de que, unha vez superado o dito prazo, a mesma comercializadora de referencia lle facturará ao consumidor a PVPC, e indicará a posibilidade de que o consumidor poida, alternativamente, contratar a súa subministración cun comercializador en mercado libre.

4. Para acreditar a condición de consumidor vulnerable definida no punto anterior e solicitar a percepción do bono social, o consumidor debe remitirle a un comercializador de referencia, a través do enderezo de correo electrónico que apareza na súa páxina web, o modelo de solicitude e declaración responsable dispoñible na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, xunto coa seguinte documentación acreditativa:

- En caso de situación legal de desemprego, mediante certificado expedido pola entidade xestora das prestacións.
- En caso de cesamento de actividade dos traballadores por conta propia, mediante certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou o órgano competente da Comunidade Autónoma, se é o caso, sobre a base da declaración de cesamento de actividade declarada polo interesado.
- Copia do NIF ou NIE do titular do punto de subministración e, en caso de que forme parte dunha unidade familiar, copia do NIF ou NIE de cada un dos membros para os cales o dito documento sexa obrigatorio.
- Certificado de empadramento en vigor, individual ou conxunto, do titular do punto de subministración ou de todos os membros da unidade familiar.
- Libro de familia, no caso de que exista unidade familiar.
- Declaración responsable do solicitante relativa ao cumprimento dos requisitos exixidos no punto 2.

A comercializadora de referencia remitiralle ao titular do punto de subministración un correo electrónico de confirmación de recepción da solicitude.

5. Respecto da tramitación das solicitudes de percepción do bono social realizadas ao abeiro do presente artigo, teranse en conta as seguintes consideracións:

a) No caso de que a solicitude fose incompleta, o comercializador de referencia, no prazo máximo de cinco días hábiles desde a recepción da solicitude, dirixirase ao consumidor e indicarlle a documentación acreditativa que lle falta.

b) Unha vez recibida polo comercializador de referencia a solicitude do consumidor completa, acompañada da documentación acreditativa, no prazo máximo de cinco días hábiles, o comercializador de referencia debe comprobar que os requisitos se acreditan conforme se establece no presente artigo e comunicarlle ao consumidor mediante correo electrónico (ou mediante canle telefónica, se o consumidor optou por esta opción) o resultado da avaliación.

Para a comprobación da correcta acreditación dos requisitos establecidos no presente artigo, o comercializador de referencia non requirirá a utilización da plataforma informática dispoñible na sede electrónica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a que fai referencia o artigo 8 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro.

c) No suposto de que o resultado da comprobación da acreditación sexa positivo e a solicitude de bono social supoña un cambio de comercializador, no referido prazo de cinco días deberase ter realizado o cambio de comercializador e a formalización do contrato a prezo voluntario para o pequeno consumidor.

d) O bono social devindicarase a partir do primeiro día do ciclo de facturación en que teña lugar a recepción da solicitude completa coa documentación acreditativa necesaria.

Disposición adicional sétima. *Consecuencias da aplicación indebida do dereito á percepción do bono social por parte de determinados colectivos en situación de vulnerabilidade económica.*

1. O titular do contrato de subministración que se beneficiase do dereito a percibir o bono social por parte de determinados colectivos en situación de vulnerabilidade económica, sen reunir os requisitos previstos no punto 2 da disposición adicional sexta, será responsable dos danos e perdas que se puidesen producir, así como de todos os gastos xerados pola aplicación destas medidas excepcionais, sen prexuízo das responsabilidades doutro tipo a que a conduta destes puidese dar lugar.

2. O importe dos danos, perdas e gastos non poderá ser inferior ao beneficio indebidamente obtido polo titular do contrato de subministración pola aplicación da norma, o cal incorrerá en responsabilidade, tamén, nos casos en que, voluntaria e deliberadamente, busque situarse ou manterse nos supostos de vulnerabilidade económica, coa finalidade de obter a aplicación das medidas reguladas por este real decreto lei.

3. A Administración poderá recadar en calquera momento toda a información acreditativa do cumprimento dos requisitos, incluídos os de renda, correspondentes a todo o período durante o cal se beneficiase do bono social.

Disposición adicional oitava. *Bonificación do pagamento de aranceis notariais e do Rexistro da Propiedade.*

1. Os dereitos arancelarios notariais e rexistrais derivados da formalización e inscrición da novación do préstamo, *leasing* e *renting*, que inclúa a moratoria sinalada nos artigos 18 ao 23 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo de 2020, serán satisfeitos, en todo caso, polo acreedor e bonificaranse nun 50 por cento nos seguintes termos:

a) O outorgamento da escritura devindicará o mesmo arancel que, para as escrituras de novación hipotecaria, se establece na letra f) do punto 1 do número 1 do anexo I do Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos notarios, reducido ao 50 por cento, sen que se devindique ningunha cantidade a partir do quinto folio de matriz e de copia, sexa copia autorizada ou copia simple. O arancel mínimo previsto será de 30 euros e o máximo de 75.

b) Pola práctica da inscrición aplicarase o arancel previsto para as novacións modificativas no artigo 2.1.g) do anexo I do Real decreto 1427/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos rexistradores. Ao resultado aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento. O arancel mínimo previsto será de 24 euros e o máximo de 50 euros.

2. Os dereitos arancelarios notariais derivados da intervención de pólizas en que se formalice, se é o caso, a suspensión temporal das obrigas contractuais derivadas de todo préstamo, *leasing* e *renting* a que se refiren os artigos 18 ao 23 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo de 2020, serán os establecidos no Decreto do 15 de decembro de 1950 e bonificaranse nun 50% cun límite mínimo de 25 euros e máximo de 50 euros, por todos os conceptos, incluídas as súas copias e traslados.

Os dereitos arancelarios dos rexistradores derivados da constancia rexistral, se é o caso, da suspensión temporal das obrigas contractuais, a que se refiren os artigos 18 ao 23 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, minutaranse de conformidade co artigo 36.9.g da ordenanza aprobada pola Orde do 19 de xullo de 1999, pola cantidade fixa de 6 euros.

Disposición transitoria única. *Expedientes de regulación temporal de emprego baseados no punto 2 da disposición adicional primeira do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial.*

Os expedientes de regulación temporal de emprego autorizados con base no disposto no punto 2 da disposición adicional primeira do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, manteranse vixentes nos termos recollidos nas correspondentes resolucións estimatorias, expresas ou por silencio.

Non obstante, desde o 1 de outubro de 2020 e ata o 31 de xaneiro de 2021, resultarán aplicables aos ditos expedientes as porcentaxes de exoneración previstas no artigo 2.1 desta norma, así como os límites e a salvagarda a que fan referencia os artigos 4.2 e 5.2.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei de axuizamento criminal, aprobada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882.*

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e vixencia indefinida, modifícase a disposición adicional quinta da Lei de axuizamento criminal, aprobada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional quinta. *Comunicación de actuacións ao Instituto Nacional da Seguridade Social e ao Instituto Social da Mariña.*

Os letrados da Administración de xustiza dos xulgados e tribunais comunicaranlles ao Instituto Nacional da Seguridade Social e ao Instituto Social da Mariña calquera resolución xudicial de que deriven indicios racionais de criminalidade pola comisión dun delito doloso de homicidio en calquera das súas formas, en que a vítima fose ascendente, descendente, irmán, cónxuxe ou excónxuxe do investigado, ou estea ou estivese ligada a el por unha relación de afectividade análoga á conxugal. Así mesmo, comunicaranlles aos ditos organismos oficiais as resolucións xudiciais firmes que poñan fin aos procedementos penais. As ditas comunicacións realizaranse, para os efectos previstos nos artigos 231, 232, 233 e 234 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, nos artigos 37 bis e 37 ter do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, e nos artigos 4, 5, 6, 7 e 10 do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Modifícase o número 30 do artigo 45.I.B) do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, que queda redactado do seguinte modo:

«30. As escrituras de formalización das moratorias de préstamos e créditos hipotecarios e de arrendamentos, préstamos, *leasing* e *renting* sen garantía hipotecaria que se produzan en aplicación da moratoria hipotecaria para o sector turístico, regulada nos artigos 3 a 9 do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego, e da moratoria para o sector do transporte público de mercadorías e discrecional de viaxeiros en autobús, regulada nos artigos 18 ao 23 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto da COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

Modifícase o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, da seguinte forma:

Un. Modifícase o artigo 351, que queda redactado como segue:

«Artigo 351. *Enumeración.*

As prestacións familiares da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, consistirán:

a) Nunha asignación económica por cada fillo menor de dezoito anos de idade e afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento, ou maior da dita idade, cando o grao de discapacidade sexa igual ou superior ao 65 por cento, a cargo do beneficiario, calquera que sexa a natureza legal da filiación, así como polos menores ao seu cargo en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción, que cumpran os mesmos requisitos.

O causante non perderá a condición de fillo ou de menor a cargo polo simple feito de realizar un traballo lucrativo por conta propia ou allea sempre que continúe vivindo co beneficiario da prestación e que os ingresos anuais do causante, en concepto de rendementos do traballo, non superen o 100 por cento do salario mínimo interprofesional, tamén en cómputo anual.

Tal condición manterase aínda que a afiliación do causante como traballador supoña o seu encadramento nun réxime da Seguridade Social distinto a aquel en que estea afiliado o beneficiario da prestación.

b) Nunha prestación económica de pagamento único a tanto global por nacemento ou adopción de fillo, en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais ou pais con discapacidade.

c) Nunha prestación económica de pagamento único por parto ou adopción múltiples.»

Dous. Modifícase o punto 2 do artigo 352, que queda redactado como segue:

«2. Serán, así mesmo, beneficiarios da asignación que, se é o caso e en razón deles, correspondese aos seus pais:

a) Os orfos de pai e nai, menores de dezoito anos, e que sexan persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento, ou maiores da dita idade, e que sexan persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 por cento.

b) Quen non sexa orfo, pero fose abandonado polos seus pais, sempre que concorran nel as circunstancias sinaladas na letra a) do artigo 351 e non se encontre en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción.

c) Os fillos con discapacidade maiores de dezoito anos cuxa capacidade non fose modificada xudicialmente e conserven a súa capacidade de obrar serán beneficiarios das asignacións que, en razón deles, lles corresponderían aos seus pais.»

Tres. Modifícase o artigo 354, que queda redactado como segue:

«Artigo 354. *Determinación do grao de discapacidade e da necesidade do concurso doutra persoa.*

O grao de discapacidade, para efectos do recoñecemento das asignacións por fillo ou menor a cargo, así como a situación de dependencia e a necesidade do concurso doutra persoa a que se refire o punto 2 do artigo anterior, determinarase mediante a aplicación do baremo aprobado polo Goberno mediante real decreto.»

Catro. Modifícase o punto 1 do artigo 355, que queda redactado como segue:

«1. Todo beneficiario estará obrigado a declarar cantas variacións se produzan na súa familia, sempre que estas deban ser tidas en conta para efectos do nacemento, modificación ou extinción do dereito.

En ningún caso será necesario acreditar documentalmente aqueles feitos ou circunstancias, tales como o importe das pensións e subsidios, que a Administración da Seguridade Social deba coñecer por si directamente.»

Cinco. Dáse nova redacción ao título da sección 3.^a do capítulo I do título VI, que queda redactado como segue:

«Sección 3.^a Prestación económica por nacemento ou adopción de fillo en supostos de familias numerosas, monoparentais e de nais ou pais con discapacidade.»

Seis. Modifícase o artigo 357, que queda redactado como segue:

«Artigo 357. *Prestación e beneficiarios.*

1. Nos casos de nacemento ou adopción de fillo en España nunha familia numerosa ou que, con tal motivo, adquira a dita condición, nunha familia monoparental ou nos supostos de nais ou pais que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento, terase dereito a unha prestación económica do sistema da Seguridade Social na contía e nas condicións que se establecen nesta sección.

2. Para os efectos da consideración como familia numerosa, haberá que aterse ao disposto na Lei de protección ás familias numerosas.

Entenderase por familia monoparental a constituída por un só proxenitor co cal convive o fillo nado ou adoptado e que constitúe o sustentador único da familia.

3. Para efectos da consideración de beneficiario da prestación, será necesario que o pai, a nai ou, na súa falta, a persoa que regulamentariamente se estableza reúna os requisitos establecidos nas letras a) e c) do artigo 352.1 e, ademais, non perciba ingresos anuais, de calquera natureza, superiores á contía que anualmente establece a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

A dita contía terá un incremento do 15 por cento por cada fillo a cargo, a partir do segundo, incluído este.

Para os exclusivos efectos da determinación do límite de ingresos, considerarase a cargo o fillo menor de dezaioito anos, ou maior da dita idade afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 por cento, así como polos menores a cargo en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción.

Non obstante o anterior, se se trata de persoas que forman parte de familias numerosas, de acordo co establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, tamén terán dereito á prestación se os seus ingresos anuais non son superiores ao importe que para tales efectos establece a Lei de orzamentos xerais do Estado, para os supostos en que concorran tres fillos a cargo segundo a citada lei, e incrementárase na contía que igualmente establece a dita lei por cada fillo, a partir do cuarto, incluído este.

No suposto de convivencia de ambos os proxenitores, se a suma dos ingresos percibidos por ambos supera os límites de ingresos establecidos nos parágrafos anteriores, non se lle recoñecerá a condición de beneficiario a ningún deles.

Os límites de ingresos anuais a que se refire este punto actualizaranse anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado, respecto da contía establecida no exercicio anterior, cando menos, na mesma porcentaxe que na dita lei se establece como incremento xeral das pensións contributivas da Seguridade Social.»

Sete. Modifícase o punto 2 do artigo 358, que queda redactado como segue:

«2. Nos casos en que os ingresos anuais percibidos, de calquera natureza, superen o límite establecido no artigo 357.3, pero sexan inferiores ao resultado de sumar ao dito límite o importe da prestación, a contía desta última será igual á diferenza entre os ingresos percibidos polo beneficiario e o resultado da indicada suma.

Non se recoñecerá a prestación nos supostos en que a diferenza a que se refire o parágrafo anterior sexa inferior ao importe establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado.»

Oito. Modifícase o artigo 359, que queda redactado como segue:

«Artigo 359. *Beneficiarios.*

Serán beneficiarios da prestación económica por parto ou adopción múltiples producidos en España as persoas, pai ou nai ou, na súa falta, quen regulamentariamente se estableza, que reúnan os requisitos establecidos nas letras a) e c) do artigo 352.1.

Entenderase que existe parto ou adopción múltiple cando o número de nados ou adoptados sexa igual ou superior a dous.»

Nove. Modifícase o punto 3 do artigo 361, que queda redactado como segue:

«3. A percepción das asignacións económicas por fillo a cargo será incompatible coa condición, por parte do fillo, de pensionista de invalidez ou xubilación na modalidade non contributiva.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19.*

Modifícase o Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, nos seguintes termos:

Un. O punto 1 do artigo 1 queda redactado como segue:

«1. Unha vez levantada a suspensión de todos os termos e prazos procesuais pola finalización do estado de alarma, na tramitación do procedemento de desafiuzamento regulado na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, derivado de contratos de arrendamento de vivenda suxeitos á Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, nos cales a persoa arrendataria acredite ante o xulgado encontrarse nunha situación de vulnerabilidade social ou económica sobrevida como consecuencia dos efectos da expansión da COVID-19, que a imposibilite para encontrar unha alternativa habitacional para si e para as persoas con que conviva, esta circunstancia será comunicada polo letrado da Administración de xustiza aos servizos sociais competentes e iniciárase unha suspensión extraordinaria do acto de lanzamento. Se non estivese sinalado, por non ter transcorrido o prazo de dez días a que se refire o artigo 440.3 ou por non terse celebrado a vista, suspenderase o dito prazo ou a celebración da vista ata que se adopten as medidas que os servizos sociais competentes consideren oportunas, por un período máximo ata o 31 de xaneiro de 2021.»

Dous. O artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Prórroga extraordinaria dos contratos de arrendamento de vivenda habitual.*

Nos contratos de arrendamento de vivenda habitual suxeitos á Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, en que, dentro do período comprendido desde a entrada en vigor deste real decreto lei ata o 31 de xaneiro de 2021, finalice o período de prórroga obrigatoria previsto no artigo 9.1 ou o período de prórroga tácita previsto no artigo 10.1 (ambos os artigos da referida Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos) poderá aplicarse, logo de solicitude do arrendatario, unha prórroga extraordinaria do prazo do contrato de arrendamento por un período máximo de seis meses, durante os cales se seguirán aplicando os termos e as condicións establecidos para o contrato en vigor. Esta solicitude de prórroga extraordinaria deberá ser aceptada polo arrendador, salvo que se fixasen outros termos ou condicións por acordo entre as partes, ou no caso de que o arrendador comunicase nos prazos e condicións establecidos no artigo 9.3 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, a necesidade de ocupar a vivenda arrendada para destinala a vivenda permanente para si ou os seus familiares en primeiro grao de consanguinidade, ou por adopción, ou para o seu cónxuxe, nos supostos de sentenza firme de separación, divorcio ou nulidade matrimonial.»

Tres. O punto 1 do artigo 4 queda redactado como segue:

«1. A persoa arrendataria dun contrato de vivenda habitual subscrito ao abeiro da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, que se encontre en situación de vulnerabilidade económica, tal e como se define no artigo seguinte, poderá solicitar da persoa arrendadora, cando esta sexa unha empresa ou entidade pública de vivenda ou un gran tedor, entendendo por tal a persoa física ou xurídica que sexa titular de máis de dez inmobles urbanos, excluídos garaxes e rochos, ou unha superficie construída de máis de 1.500 m², ata o 31 de xaneiro de 2021, o aprazamento temporal e extraordinario no pagamento da renda, sempre que o dito aprazamento ou a condonación total ou parcial dela non se conseguise xa con carácter voluntario por acordo entre ambas as partes.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital.*

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 4, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Poderán ser beneficiarias do ingreso mínimo vital:

a) As persoas integrantes dunha unidade de convivencia nos termos establecidos neste real decreto lei.

b) As persoas de, cando menos, 23 anos e menores de 65 anos ou maiores da dita idade cando non sexan beneficiarios de pensión de xubilación, que viven soas, ou que comparten domicilio cunha unidade de convivencia nos supostos do parágrafo primeiro do artigo 6.3, sen se integrar nela, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

1.º Non estar unidas a outra por vínculo matrimonial ou como parella de feito, salvo as que iniciasen os trámites de separación ou divorcio ou as que se encontren noutras circunstancias que poidan determinarse regulamentariamente, ás cales non se lles exixirá o cumprimento desta circunstancia.

2.º Non formar parte doutra unidade de convivencia, de conformidade co previsto no presente real decreto lei.

Non se exixirá o cumprimento dos requisitos de idade, nin os previstos nos puntos 1.º e 2.º desta epígrafe, nos supostos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou de trata de seres humanos e explotación sexual.»

Dous. Modifícase o punto 2 do artigo 5, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. As persoas titulares, cando estean integradas nunha unidade de convivencia, deberán ter unha idade mínima de 23 anos, ou ser maiores de idade ou menores emancipados, en caso de ter fillos ou menores en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente.

En caso de non integrarse nunha unidade de convivencia, a idade mínima da persoa titular será de 23 anos, salvo nos supostos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou vítimas de trata de seres humanos e explotación sexual, nos cales se exixirá que a persoa titular sexa maior de idade.»

Tres. Modifícase o artigo 6, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 6. *Unidade de convivencia.*

1. Considérase unidade de convivencia a constituída por todas as persoas que residan nun mesmo domicilio e que estean unidas entre si por vínculo matrimonial, como parella de feito ou por vínculo ata o segundo grao de consanguinidade, afinidade, adopción e outras persoas con que convivan en virtude de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente.

Para efectos do establecido neste artigo, considerarase parella de feito a constituída con análoga relación de afectividade á conxugal con, cando menos, dous anos de antelación, por quen, non atopándose impedido para contraer matrimonio, non teña vínculo matrimonial con outra persoa e convivise de forma estable e notoria con carácter inmediato á solicitude da prestación e cunha duración ininterrompida non inferior a cinco anos.

O falecemento dalgunha das persoas que constitúen a unidade de convivencia non alterará a consideración de tal, aínda que o dito falecemento supoña a perda, entre os supérstites, dos vínculos previstos no punto anterior.

2. Como excepción ao punto anterior, tamén terán a consideración de unidade de convivencia para os efectos previstos nesta norma:

a) A constituída por unha persoa vítima de violencia de xénero que abandonase o seu domicilio familiar habitual acompañada dos seus fillos ou menores en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente e os seus familiares ata o segundo grao por consanguinidade, afinidade ou adopción.

b) A constituída por unha persoa acompañada dos seus fillos ou menores en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente e os seus familiares ata o segundo grao por consanguinidade, afinidade ou adopción, que iniciase os trámites de separación ou divorcio.

c) A formada por dúas ou máis persoas de, cando menos, 23 anos que, sen manteren entre si unha relación das consignadas neste precepto, habiten nun mesmo domicilio, cando, polo menos, unha delas teña unha discapacidade valorada nunha porcentaxe igual ou superior ao 65 por cento e non sexa beneficiaria de pensión de invalidez non contributiva ou de incapacidade permanente, ou teña máis de 65 anos e non sexa beneficiaria de pensión de xubilación contributiva ou non contributiva, ou se trate de persoa declarada en situación de exclusión polo órgano competente da correspondente comunidade autónoma ou entidade local, así como aqueloutras situacións determinadas regulamentariamente nas cales sexa necesaria a convivencia no mesmo domicilio.

3. Nos casos nos cales unha persoa comparta vivenda cunha unidade de convivencia formada por persoas con vínculos de parentesco ou análogos,

entenderase que non forma parte desta para efectos da prestación e considerárase a existencia dunha unidade de convivencia constituída polos membros da familia ou relación análoga, por unha parte e dunha persoa beneficiaria individual, por outra, se esta reúne os requisitos do artigo 4.1.b).

Cando varias persoas sen vínculos de parentesco ou análogos entre si compartan vivenda cunha unidade de convivencia formada por persoas con vínculos de parentesco ou análogos, considerárase a existencia de dúas unidades de convivencia, unha, formada polas persoas que carecen de vínculo entre si, e cumpran os requisitos indicados no punto anterior e, outra, constituída polos membros da familia ou relación análoga.

4. Considerárase que non rompe a convivencia a separación transitoria por razón de estudos, traballo, tratamento médico, rehabilitación ou outras causas similares.

Para tal efecto, é requisito para a consideración de integrante da unidade de convivencia a residencia efectiva, legal e continuada en España.

5. En ningún caso unha mesma persoa poderá formar parte de dúas ou máis unidades de convivencia.

6. Cando se acredite, mediante título xurídico ou mediante certificado dos servizos sociais que correspondan, o uso exclusivo dunha determinada zona do domicilio por unha unidade de convivencia integrada, cando menos, por un menor ou persoa con discapacidade, a dita zona de uso exclusivo será considerada domicilio para os efectos previstos neste real decreto lei.

7. Se en virtude dun contrato queda acreditado o uso individualizado, por unha persoa soa ou por unha unidade de convivencia, dun cuarto en establecemento hoteleiro ou similar, será considerado domicilio para os efectos previstos nesta norma.

O establecido no parágrafo anterior non será aplicable aos pactos ou acordos entre os conviventes sobre o uso do domicilio ou de determinadas zonas deste, sen contraprestación económica.»

Catro. Modifícase o punto 2 do artigo 7, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. As persoas beneficiarias a que se refire o artigo 4.1.b), que sexan menores de 30 anos na data da solicitude do ingreso mínimo vital, deberán acreditar ter vivido de forma independente en España durante, cando menos, os tres anos inmediatamente anteriores á indicada data.

Para os efectos do parágrafo anterior, entenderase que unha persoa viviu de forma independente sempre que acredite que o seu domicilio foi distinto ao dos seus proxenitores, titores ou acolledores durante os tres anos inmediatamente anteriores á solicitude e no dito período permanecese durante, cando menos, doce meses, continuados ou non, en situación de alta en calquera dos réximes que integran o sistema da Seguridade Social, incluído o de clases pasivas do Estado, ou nunha mutualidade de previsión social alternativa ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

As persoas beneficiarias a que se refire o artigo 4.1.b), que sexan maiores de 30 anos na data da solicitude, deberán acreditar que, durante o ano inmediatamente anterior á dita data, o seu domicilio en España foi distinto ao dos seus proxenitores, titores ou acolledores.

Os requisitos previstos nos parágrafos anteriores non se lles exixirán ás persoas que, por seren vítimas de violencia de xénero, abandonasen o seu domicilio habitual, ás que iniciasen os trámites de separación ou divorcio ou ás que se encontren noutras circunstancias que poidan determinarse regulamentariamente.»

Cinco. Modifícase o punto 3 do artigo 8, que pasa a ter a seguinte redacción:

«3. Non se apreciará que concorre este requisito cando a persoa beneficiaria individual sexa titular dun patrimonio valorado, de acordo cos criterios que se

recollen no artigo 18 deste real decreto lei, nun importe igual ou superior a tres veces a contía correspondente de renda garantida polo ingreso mínimo vital para unha persoa beneficiaria individual. No caso das unidades de convivencia, entenderase que non concorre este requisito cando sexan titulares dun patrimonio valorado nun importe igual ou superior á contía resultante de aplicar a escala de incrementos que figura no anexo II.

Igualmente quedarán excluídos do acceso ao ingreso mínimo vital, independentemente da valoración do patrimonio, as persoas beneficiarias individuais ou as persoas que se integren nunha unidade de convivencia na cal calquera dos seus membros sexa administrador de dereito dunha sociedade mercantil que non cesase a súa actividade.»

Seis. Modifícase o punto 2 do artigo 10, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Para os efectos sinalados no punto anterior, considérase renda garantida:

a) No caso dunha persoa beneficiaria individual, a contía mensual de renda garantida ascenderá ao 100 por cento do importe anual das pensións non contributivas fixada anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado, dividido por doce.

b) No caso dunha unidade de convivencia a contía mensual da letra a) incrementarase nun 30 por cento por cada membro adicional a partir do segundo ata un máximo do 220 por cento.

c) Á contía mensual establecida na letra b) sumarase un complemento de monoparentalidade equivalente a un 22 por cento da contía establecida na letra a) no suposto de que a unidade de convivencia sexa monoparental. Para os efectos de determinar a contía da prestación, entenderase por unidade de convivencia monoparental a constituída por un só adulto que conviva con un ou máis descendentes ata o segundo grao menores de idade sobre os que teña a garda e custodia exclusiva, ou que conviva con un ou máis menores en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción cando se trata do único acolledor ou gardador, ou cando o outro proxenitor, gardador ou acolledor se encontre ingresado en prisión ou nun centro hospitalario por un período ininterrompido igual ou superior a un ano.

No suposto de que os descendentes ou menores referidos no parágrafo anterior convivan exclusivamente cos seus proxenitores ou, se é o caso, cos seus avós, gardadores ou acolledores recoñecerase o mesmo complemento cando un destes teña recoñecido un grao 3 de dependencia, a incapacidade permanente absoluta ou a grande invalidez. Tamén se entenderá como unidade de convivencia monoparental, para efectos da percepción do indicado complemento, a formada exclusivamente por unha muller que sufriu violencia de xénero, de acordo coa Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e un ou máis descendentes ata o segundo grao, menores de idade, sobre os que teña a garda e custodia, ou, se é o caso, un ou máis menores en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción.»

Sete. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 13, que pasan a ter a seguinte redacción:

«1. O cambio nas circunstancias persoais da persoa beneficiaria do ingreso mínimo vital, ou dalgún dos membros da unidade de convivencia, poderá comportar a diminución ou o aumento da prestación económica mediante a revisión correspondente pola entidade xestora.

2. A modificación das circunstancias persoais terá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte ao da data en que se producise o feito causante da modificación e será de aplicación o disposto no artigo 129 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.»

Oito. Modifícase o artigo 16, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 16. *Incompatibilidade do ingreso mínimo vital coa asignación por fillo ou menor a cargo.*

A percepción da prestación de ingreso mínimo vital será incompatible coa percepción da asignación económica por fillo ou menor a cargo, sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento, cando exista identidade de causantes ou beneficiarios desta.

No suposto de que a contía da prestación de ingreso mínimo vital sexa superior á da asignación económica por fillo ou menor a cargo referida no parágrafo anterior, recoñecerase o dereito á prestación de ingreso mínimo vital. O dito recoñecemento extinguirá o dereito á asignación por fillo ou menor a cargo.

No suposto de que a contía da prestación de ingreso mínimo vital sexa inferior á da asignación económica por fillo ou menor a cargo, e o interesado optase pola primeira, o seu recoñecemento extinguirá o dereito á asignación económica por fillo ou menor a cargo. Se opta pola asignación económica por fillo ou menor a cargo, denegarase por esta causa a solicitude da prestación de ingreso mínimo vital.»

Nove. Modifícase o punto 3 do artigo 34, que pasa a ter a seguinte redacción:

«3. Son infraccións graves:

a) Non proporcionar a documentación e información precisa para acreditación dos requisitos e a conservación da prestación, así como para garantir a recepción de notificacións e comunicacións, cando diso derivase unha percepción indebida, en contía mensual, inferior ou igual ao 50 por cento da que lle correspondería.

b) Non comunicar calquera cambio ou situación que puidese dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación, no prazo de trinta días desde que estas se produzan, cando diso se derivase unha percepción indebida, en contía mensual, inferior ou igual o 50 por cento da que lle correspondería.

c) A comisión dunha terceira infracción leve, sempre que nun prazo dun ano anterior fose sancionado por dúas faltas leves do mesmo tipo.

d) O incumprimento da obriga de participar nas estratexias de inclusión que promova o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, nos termos que se establezan.

e) O incumprimento das condicións asociadas á compatibilidade da prestación do ingreso mínimo vital coas rendas do traballo ou a actividade económica conforme o previsto no artigo 8.4.»

Dez. Modifícase o artigo 35, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 35. *Sancións.*

1. As sancións polas infraccións tipificadas no artigo anterior poderán impoñerse nos graos de mínimo, medio e máximo.

A imposición de sancións terá en conta a gradación destas considerando, para tal fin, a culpabilidade, negligencia e intencionalidade da persoa infractora, así como a contía económica da prestación económica indebidamente percibida.

2. As infraccións leves serán sancionadas co apercibimento da persoa infractora.

3. As infraccións graves sancionaranse coa perda da prestación por un período de ata tres meses.

As infraccións graves sancionaranse no seu grao mínimo coa perda da prestación por un período dun mes, no seu grao medio de dous meses e no seu grao máximo de tres meses.

Cando as infraccións desen lugar á extinción do dereito, a sanción consistirá no deber de ingresar tres mensualidades da prestación.

4. As infraccións moi graves sancionaranse coa perda da prestación por un período de ata seis meses.

As infraccións moi graves sancionaranse no seu grao mínimo coa perda da prestación por un período de catro meses, no seu grao medio de cinco meses e no seu grao máximo de seis meses.

Cando as infraccións desen lugar á extinción do dereito, a sanción consistirá no deber de ingresar seis mensualidades da prestación.

Cando a infracción sexa a prevista no punto 4.c) do artigo anterior, ademais de devolver o importe da prestación indebidamente percibida durante o tempo de estadía no estranxeiro, os beneficiarios non poderán solicitar unha nova prestación durante un período de seis meses, contado desde a data da resolución pola que se impoña a sanción.

5. Se dentro das infraccións graves ou moi graves concorre algunha das seguintes actuacións por parte de calquera persoa beneficiaria do ingreso mínimo vital:

- a) O falseamento na declaración de ingresos ou patrimonio.
- b) A ocultación fraudulenta de cambios substancias que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación.
- c) Calquera outra actuación ou situación fraudulenta que dea lugar ao acceso indebido á prestación, mantemento indebido do dereito á prestación ou aumento indebido do seu importe.

Ademais da correspondente sanción e obriga de reintegro das cantidades indebidamente percibidas e sen prexuízo das responsabilidades penais, civís e administrativas que procedan, o Instituto Nacional da Seguridade Social poderá decretar a extinción do dereito, así como a imposibilidade de que o suxeito infractor poida resultar persoa beneficiaria nos termos desta norma por un período de dous anos.

6. Cando o suxeito infractor fose sancionado por infracción moi grave, en virtude de resolución firme en vía administrativa, dentro dos cinco anos anteriores á comisión dunha infracción moi grave, extinguirase a prestación e comportará a imposibilidade de que o suxeito infractor resulte persoa beneficiaria nos termos desta norma durante cinco anos.

7. As sancións a que se refire este artigo enténdense sen prexuízo do reintegro das cantidades indebidamente percibidas.»

Once. Modifícase a disposición transitoria terceira, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. *Réxime excepcional aplicable ás solicitudes cursadas por situación de carencia de rendas.*

Excepcionalmente, e cando non sexan beneficiarios de prestacións ou subsidios de desemprego e para os exclusivos efectos de cómputo de rendas, poderanse presentar solicitudes ata o 31 de decembro de 2021 naqueles supostos de vulnerabilidade económica que se producisen durante o ano actual.

Para efectos de acreditar provisionalmente o cumprimento do requisito de rendas, considerarase a parte proporcional dos ingresos que tivese a unidade de convivencia durante o tempo transcorrido no ano actual, sempre e cando non supere a metade dos límites de patrimonio neto establecidos de forma xeral para as citadas unidades de convivencia e cuxos ingresos non superen, en máis do 50 por cento, os límites establecidos para toda a unidade de convivencia, de conformidade coa información correspondente ao último exercicio fiscal respecto do cal as administracións tributarias dispoñan de información suficiente nos termos establecidos no presente real decreto lei. Neste suposto poderanse tomar como referencia de ingresos do ano actual os datos que constan nos ficheiros e bases de

datos da Seguridade Social que permitan a verificación da dita situación ou ben, e na súa falta, o que figure na declaración responsable.

En todo caso, no ano seguinte regularizaranse as contías aboadas en relación cos datos de media mensual do conxunto de ingresos e rendas anuais computables da persoa beneficiaria individual ou do conxunto de membros da unidade de convivencia, correspondentes ao exercicio en que se recoñeceu a prestación, de conformidade coa información de que dispoñan as administracións tributarias, que dará lugar, se é o caso, ás actuacións previstas no artigo 17 do real decreto lei.»

Doce. Modifícase a disposición transitoria sétima, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Disposición transitoria sétima. *Integración da asignación por fillo ou menor a cargo no ingreso mínimo vital.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto lei, non poderán presentarse novas solicitudes para a asignación económica por fillo ou menor a cargo sen discapacidade, ou con discapacidade inferior ao 33 por cento do sistema da Seguridade Social, que quedará para extinguir, sen prexuízo do previsto no parágrafo terceiro. Non obstante, os beneficiarios da prestación económica transitoria de ingreso mínimo vital que en 31 de decembro de 2020 non cumpran os requisitos para ser beneficiarios do ingreso mínimo vital poderán exercer o dereito de opción para volver á asignación económica por fillo ou menor a cargo do sistema da Seguridade Social.

Na data de entrada en vigor deste real decreto lei, os beneficiarios da asignación económica por cada fillo ou menor a cargo sen discapacidade, ou con discapacidade inferior ao 33 por cento, continuarán percibindo a dita prestación ata que deixen de concorrer os requisitos e proceda a súa extinción.

As solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor desta norma rexeranse pola norma vixente no momento da súa presentación, excepto en relación coa actualización dos límites de ingresos anuais, para a cal se aplicarán as normas relativas á prestación económica por nacemento ou adopción de fillo en supostos de familias numerosas, monoparentais e de nais ou pais con discapacidade.

As solicitudes presentadas dentro dos trinta días naturais seguintes á entrada en vigor deste real decreto lei, en que se alegue a imposibilidade para a súa presentación nunha data anterior, derivada da suspensión de prazos administrativos establecida no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, consideraranse presentadas na data que a persoa solicitante indique que quixo exercer o seu dereito e se produciu a dita imposibilidade.»

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a, 8.^a, 13.^a, 17.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado as competencias exclusivas nas materias de lexislación laboral, de lexislación civil e sobre ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, así como de bases do réxime enerxético.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de setembro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO

**CNAE-09 a que pertencen as empresas especialmente afectadas definidas no
punto 2 da disposición adicional primeira**

ID CNAE-09	CNAE-09 4 DÍXITOS
0710	Extracción de minerais de ferro.
2051	Fabricación de explosivos.
5813	Edición de xornais.
2441	Producción de metais preciosos.
7912	Actividades dos operadores turísticos.
7911	Actividades das axencias de viaxes.
5110	Transporte aéreo de pasaxeiros.
1820	Reproducción de soportes gravados.
5122	Transporte espacial.
4624	Comercio por xunto de coiros e peles.
7735	Alugamento de medios de transporte aéreo.
7990	Outros servizos de reservas e actividades relacionadas con estes.
9004	Xestión de salas de espectáculos.
7729	Alugamento doutros efectos persoais e artigos de uso doméstico.
9002	Actividades auxiliares ás artes escénicas.
4741	Comercio polo miúdo de ordenadores, equipamentos periféricos e programas informáticos en establecementos especializados.
3220	Fabricación de instrumentos musicais.
3213	Fabricación de artigos de bixería e artigos similares.
8230	Organización de convencións e feiras de mostras.
7722	Alugamento de fitas de vídeo e discos.
5510	Hoteis e alugamentos similares.
3316	Reparación e mantemento aeronáutico e espacial.
1811	Artes gráficas e servizos relacionados con estas.
5520	Alugamentos turísticos e outros alugamentos de curta estadía.
4939	Tipos de transporte terrestre de pasaxeiros n.c.n.
5030	Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores.
1812	Outras actividades de impresión e artes gráficas.
9001	Artes escénicas.
5914	Actividades de exhibición cinematográfica.
1393	Fabricación de alfombras e moquetas.
8219	Actividades de fotocopia, preparación de documentos e outras actividades especializadas de oficina.
9321	Actividades dos parques de atraccións e dos parques temáticos.

ID CNAE-09	CNAE-09 4 DÍXITOS
2431	Estiraxe en frío.
5223	Actividades anexas ao transporte aéreo.
3212	Fabricación de artigos de xoiaría e artigos similares.
5590	Outros alugamentos.
5010	Transporte marítimo de pasaxeiros.
7711	Alugamento de automóbiles e vehículos de motor lixeiros.
4932	Transporte por taxi.
2670	Fabricación de instrumentos de óptica e equipamento fotográfico.
9601	Lavado e limpeza de roupa téxtil e de pel.
9329	Outras actividades recreativas e de lecer.